

navegación aérea) e 7030 (Procedementos suplementarios rexionais).

Ademais, é obrigado adecua-lo Regulamento de circulación aérea á nova redacción dada ó artigo 145 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea polo artigo 63 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, para facer posible a dispensa do plan de voo, requisito esixible para voar dentro do espazo aéreo español, nalgúns supostos.

Doutro lado, é necesario regular no ámbito nacional a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se produciron para lograr un mellor aproveitamento do espazo aéreo, un mellor uso dos medios de control dispoñibles e, en definitiva, conseguir, dentro das marxes de seguridade establecidas, o aumento de capacidade do sistema de control de tránsito aéreo.

Nesta liña, régúlase o voo VFR entre o solpor e o amencer, así como a operación de avións monomotores de transporte aéreo comercial con motor de turbina durante a noite e en condicións meteorolóxicas instrumentais.

Tamén, finalmente, obriga á adaptación do Regulamento de circulación aérea a recente aprobación do Real decreto 220/2001, do 2 de marzo, polo que se determinan os requisitos esixibles para a realización das operacións de transporte aéreo comercial por avións civís.

As incorporacións e adaptacións indicadas esixen a modificación dos libros I (Definicións e abreviaturas), II (Regulamento do aire), III (Servicios de tránsito aéreo), IV (Procedementos para os servicios de navegación aérea), VII (Requisitos para a operación de aeronaves) e VIII (Servicio de información aeronáutica) e a maioría dos apéndices (A, B, C, D, F, J, L, N, Q, S, T, V, X e Y) do Regulamento de circulación aérea en vigor, así como a inclusión dun novo libro X sobre «Telecomunicacións aeronáuticas».

Tendo en conta o volume e alcance xurídico da modificación que se pretende realizar agora e que o Regulamento de circulación aérea aprobado polo Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, foi xa obxecto de importantes modificacións nos nove anos transcorridos desde esa data, cómpre aprobar un novo Regulamento de circulación aérea, cun contido que comprenda tódalas modificacións introducidas no pasado e as que se incorporan neste momento.

Por outra parte, de conformidade co disposto no Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e Fomento en materia de aviación, e na Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979 pola que se crea a Comisión Interministerial de Defensa e Transportes (CIDETRA), modificada pola Orde da Presidencia do Goberno do 11 de febreiro de 1985, este real decreto debe ser proposto conxuntamente polos ministros de Defensa e de Fomento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2002,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de circulación aérea.*

Apróbase o Regulamento de circulación aérea e os seus apéndices, que figuran como anexo a este real decreto.

Disposición adicional única. *Aplicación do Regulamento de circulación aérea ás operacións de transporte aéreo comercial por avións civís.*

1. O disposto nos libros II, VI e VII do Regulamento de circulación aérea, así como nos apéndices C, E, O e Y, será de aplicación no que non se opoña ó establecido no Real decreto 220/2001, do 2 de marzo, polo que se determinan os requisitos esixibles para a realización das operacións de transporte aéreo comercial por avións civís.

2. As remisións que noutros libros e apéndices do Regulamento de circulación aérea se fagan ós libros e apéndices indicados no número 1 entenderanse feitas, cando proceda, ás correspondentes regras JAR-OPS 1 incluídas no anexo ó Real decreto 220/2001.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, e, en xeral, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Derróganse, así mesmo, os apéndices K, M, O e R do Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Decreto 3063/1965, do 16 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións de carácter técnico.*

Facúltase os ministros de Defensa e de Fomento para introducir, con suxeición ó disposto na Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea a Comisión Interministerial prevista no artigo 6.º do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Fomento en materia de aviación, cantas modificacións de carácter técnico fosen precisas para a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se produzan, e especialmente ó disposto na normativa contida nos anexos OACI e nos tratados e convenios internacionais dos que España sexa parte.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

(En anexo á parte publícase o Regulamento de circulación aérea)

1215 *REAL DECRETO 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos. («BOE» 19, do 22-1-2002.)*

Os resultados da produción animal dependen en gran medida do emprego dunha alimentación adecuada con pensos sans, cabais e de calidade comercial.

Ademais, a utilización dos pensos en alimentación animal non debe supoñer ningún risco para a saúde do

propio animal ou para a saúde humana. Por último, é necesario proporcionalle ó usuario unha información exacta e clara sobre a natureza e composición dos alimentos de forma que non poida inducir a erro.

Por outra parte, o papel das materias primas destinadas á alimentación animal é de gran relevancia na agricultura, especialmente debido á progresiva introdución dos criterios de calidade, eficacia e protección do ambiente nos procesos de produción, transformación e consumo de produtos agrícolas.

En atención ó anterior, e no referente ós pensos compostos, dictouse a Orde do 8 de outubro de 1992, relativa á circulación de pensos compostos, no contido da cal se incorporaba o disposto na Directiva 79/373/CEE, do Consello, do 2 de abril, relativa á comercialización dos pensos compostos, e na Directiva 91/334/CEE, da Comisión, do 6 de xuño, pola que se modificaba a Directiva 82/475/CEE, pola que se fixaban as categorías de ingredientes que poden utilizarse para a etiquetaxe dos alimentos compostos para animais domésticos, así como a Directiva 91/357/CEE, da Comisión, do 13 de xuño, pola que se fixan as categorías de ingredientes utilizables na etiquetaxe dos pensos compostos destinados ós animais que non sexan de compañía.

Así mesmo, e en relación coas materias primas para a alimentación animal, o Real decreto 1489/1998, do 10 de xullo, sobre circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal, incorporou ó ordenamento xurídico español a Directiva 96/25/CE, do 29 de abril, pola que se regula a circulación e a utilización das materias primas para a alimentación animal, se modifican as Directivas 70/524/CEE, 74/63/CEE, 82/471/CEE e 93/74/CEE e se derroga a Directiva 77/101/CEE.

A obriga de incorporar ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de abril, pola que se modifican as Directivas 79/373/CEE e 96/25/CE, antes citadas, determina a necesidade de variar os contidos do Real decreto 1489/1998 e da Orde do 8 de outubro de 1992.

Por outro lado, as medidas adoptadas co fin de erradicar a encefalopatía esponxiforme bovina aconsellan reflectir neste real decreto as disposicións recollidas na Decisión 2000/766/CE, do Consello, do 4 de decembro, relativa a determinadas medidas de protección contra as encefalopatías esponxiformes transmisibles e a utilización de proteínas animais na alimentación animal; na Decisión 2001/9/CE, da Comisión, do 29 de decembro, relativa ás medidas de control requiridas para a aplicación da Decisión 2000/766/CE; na Decisión 2001/165/CE, da Comisión, do 27 de febreiro, que modifica, con respecto ás proteínas hidrolizadas, a Decisión 2001/9/CE, do Consello; no Regulamento (CE) número 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, e no Regulamento (CE) número 1326/2001, da Comisión, do 29 de xuño, polo que se establecen medidas transitorias para permitilo paso ó Regulamento (CE) número 999/2001 e se modifican os anexos VII e XI do dito regulamento.

De acordo coa reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é necesario que a transposición de directivas comunitarias ó ordenamento xurídico español se efectúe, agás casos excepcionais, mediante normas que deben ter, polo menos, rango de real decreto.

Este real decreto responde así a unha dobre necesidade: a de incorporar ó ordenamento xurídico español a Directiva 2000/16/CE e a de respectalo principio de que as normas que incorporen directivas comunitarias teñan o rango adecuado.

A publicación desta norma, que constitúe, pois, unha refundición da normativa fundamental existente sobre materias primas e pensos na alimentación animal, comporta, por tanto, a derogación da Orde do 8 de outubro de 1992, relativa á comercialización de pensos compostos, e do Real decreto 1489/1998, sobre a circulación de materias primas para a alimentación animal, por pasalo contido de ámbolos dous a integrarse no daquela.

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade, agás nos seus artigos 10, 21 e 22, a), que se dictan ó abeiro do artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva sobre comercio exterior e sanidade exterior.

No seu procedemento de elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións e entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Esta disposición recibiu informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2002,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establece-lo réxime xurídico aplicable á circulación e utilización de materias primas destinadas á alimentación animal e ós pensos compostos postos en circulación en todo o territorio español.

2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo do establecido nas disposicións sobre:

- a) Os aditivos utilizados na alimentación dos animais.
- b) As substancias e produtos non desexables na alimentación dos animais.
- c) A fixación de contidos máximos para os residuos de pesticidas sobre e nos produtos destinados á alimentación humana e animal.
- d) As organizacións de mercado dos produtos agrarios.
- e) Determinados produtos utilizados na alimentación dos animais.
- f) A incorporación ó ordenamento xurídico español da normativa comunitaria en materia de preacondicionamento en masa ou en volume de determinados produtos en preembalaxes.
- g) Os alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, serán aplicables as seguintes definicións:

- a) Materias primas para a alimentación animal: os produtos de orixe vexetal ou animal, en estado natural, frescos ou conservados, e os produtos derivados da súa transformación industrial, así como as substancias

orgánicas ou inorgánicas, con ou sen aditivos, destinados á alimentación de animais por vía oral, transformados ou sen transformación ningunha, á preparación de pensos compostos ou como vehículos de pre mesturas.

b) Alimentos para animais: os produtos de orixe vexetal ou animal en estado natural, frescos ou conservados e os derivados da súa transformación industrial, así como as substancias orgánicas ou inorgánicas, simples ou mesturadas, conteñan ou non aditivos, que estean destinados á alimentación animal por vía oral.

c) Pensos compostos: as mesturas de materias primas para a alimentación animal, con ou sen aditivos, destinadas á alimentación de animais por vía oral, en forma de pensos completos ou complementarios.

d) Ración diaria: a cantidade total de alimentos, referida a un contido de humidade do 12 por 100, necesaria como media diaria para satisfacerlo conxunto de necesidades dun animal dunha especie, unha categoría de idade e un rendemento determinados.

e) Pensos completos: as mesturas de alimentos para animais que, pola súa composición, sexan suficientes para garantir unha ración diaria.

f) Pensos complementarios: as mesturas de alimentos que conteñan porcentaxes elevadas de determinadas substancias e que, pola súa composición, só garantan a ración diaria se se asocian a outros alimentos para animais.

g) Pensos minerais: Pensos complementarios constituídos principalmente de minerais e que conteñan, polo menos, 40 por 100 de cinzas brutas.

h) Pensos melazados: Pensos complementarios preparados a partir de melazas e que conteñan, polo menos, 14 por 100 de azucres totais expresados en sacarosa.

i) Pensos de lactación: os pensos compostos administrados en estado seco ou tras dilución nunha determinada cantidade de líquido, destinados á alimentación de animais novos, como complemento ou en substitución do leite materno poscostral, ou de becerros para carne.

j) Animais: os animais pertencentes a especies normalmente alimentadas e criadas ou consumidas polo ser humano, e os animais que viven libremente na natureza, en caso de que sexan alimentados con pensos.

k) Animais familiares ou de compañía: os animais pertencentes a especies que cría e teña no seu poder normalmente, pero que non sexan consumidas polo home, con excepción dos animais criados para aproveitar a súa pel.

l) Data límite de duración dun penso composto: a data ata a que este penso conserva as súas propiedades específicas en condicións de conservación adecuadas.

m) Posta en circulación ou circulación: a posesión de calquera produto destinado á alimentación animal para efecto da súa venda, incluída a oferta de venda, ou outra forma de traspaso a terceiros, xa sexa con carácter gratuíto ou mediante pagamento, así como a propia venda e demais formas de traspaso.

CAPÍTULO II

Materias primas para a alimentación animal

Artigo 3. *Requisitos para a súa circulación.*

1. As materias primas para a alimentación animal só poderán poñerse en circulación dentro do territorio español cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser sas, cabais e de calidade comercial suficiente, a xuízo das autoridades sanitarias competentes, de modo que non represente perigo para a saúde humana, a saúde animal e o ambiente.

b) Reuni-los requisitos documentais recollidos neste real decreto, de modo que a súa posta en circulación de ningunha forma poida inducir a erro nin confusión.

2. A circulación ou utilización de materias primas estará sometida ós requisitos documentais, restriccións e prohibicións que, para cada caso, figuren na lexislación comunitaria.

Artigo 4. *Requisitos documentais.*

1. O produtor, envasador, importador, vendedor ou distribuidor dunha materia prima para a alimentación animal deberá facer constar no seu recipiente ou envase, nunha etiqueta fixada a este ou nun documento de acompañamento, a información a que se refire o artigo seguinte.

2. As indicacións a que se refire este capítulo expresaranse, polo menos, na lingua española oficial do Estado, sen prexuízo da utilización de calquera outra lingua oficial no territorio das comunidades autónomas con idioma propio.

Artigo 5. *Información obrigatoria.*

1. No recipiente ou envase, na etiqueta fixada a este ou no documento de acompañamento de calquera produto destinado á alimentación animal deberán figurar de forma visible, claramente lexible e indeleble, os seguintes datos:

a) A expresión «materias primas para a alimentación animal».

b) A denominación da materia prima de que se trate.

c) Os datos que se especifican no anexo IV, se é o caso.

d) A cantidade neta expresada en unidades de masa, cando se trate de produtos sólidos, e en unidades de masa ou de volume, cando se trate de líquidos.

e) O nome ou razón social e o domicilio ou sede social do establecemento produtor, o número de autorización, o número de referencia do lote ou calquera outra indicación que permita rastrexala orixe da materia prima, se este establecemento debe estar autorizado de conformidade co Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal, así como coas medidas que se adopten como consecuencia da lexislación comunitaria.

f) O nome ou razón social e o domicilio ou sede social do responsable das indicacións recollidas neste número, cando o dito responsable sexa distinto do produtor a que se refire a alínea e).

2. A información relativa ás materias primas que figuran no anexo II deberán incluír ademais os datos de declaración obrigatoria contidos na columna 4 do citado anexo. A información relativa ás materias non mencionadas no anexo II deberá incluír os datos de declaración obrigatoria a que se refire a columna 2 do anexo III.

Artigo 6. *Información complementaria.*

Ademais dos datos mencionados no artigo anterior, poderá engadirse calquera outra información que faga referencia a elementos obxectivos ou cuantificables, sempre que poida xustificarse, non poida inducir a erro ó consumidor e apareza debidamente separada das indicacións obrigatorias.

Artigo 7. *Supostos especiais.*

1. Cando a materia prima se comercialice en cantidades iguais ou inferiores a 10 quilogramos e se destine directamente ó consumidor final, a información a que se refiren os artigos 5 e 6 poderá conterse nun cartel exposto no lugar de venda.

2. Cando se divida un lote durante a súa circulación, deberán figurar na documentación de cada unha das fraccións resultantes, no seu envase ou recipiente, os datos contidos no artigo 5, xunto cunha referencia ó lote inicial.

3. Cando se modifique a composición dunha materia prima durante a súa circulación, deberán figurar na documentación do produto resultante, no seu envase ou recipiente, os datos contidos no artigo 5, xunto cunha referencia ó lote inicial. Neste caso, os datos a que se refire a alínea e) do número 1 do mencionado artigo entenderanse referidos á persoa que subministre as novas indicacións.

Artigo 8. *Reducción do alcance da información esixida.*

1. Non será necesario incluír na documentación adxunta os datos contemplados no artigo 5 cando se trate de materias primas para a alimentación animal non tratadas con aditivos, agás que se trate de axentes conservantes, que se transfiran entre un agricultor produtor e un gandeiro usuario establecidos ambos en territorio nacional, sen prexuízo do disposto no Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro.

2. Non será necesario incluír na documentación adxunta os datos contemplados no artigo 5.2 nin os contidos nos parágrafos 2 e 3 do punto V do anexo I nos seguintes supostos:

a) Cando o comprador renuncie por escrito a recibir esta información con anterioridade á transacción.

b) Cando se trate de materias primas destinadas á alimentación de animais de compañía e que se comercialicen en cantidades iguais ou inferiores a 10 quilogramos que se entreguen directamente ó consumidor final, sempre que os produtos e o consumidor se encontraran establecidos no territorio nacional e sen prexuízo do disposto no Real decreto 2224/1993.

3. Cando se trate de poñer en circulación subprodutos de orixe animal ou vexetal resultantes dun proceso de transformación agroindustrial e cun contido en auga superior ó 50 por 100, non será necesario incluír na documentación adxunta os datos contemplados nas alíneas c) e d) do número 1 do artigo 5 nin no número 2 do mesmo artigo.

Artigo 9. *Intercambios con países terceiros.*

1. As autoridades competentes poderán autorizar a entrada de materias primas para a alimentación animal procedentes de países terceiros que carezan de medios suficientes para facilitarlles garantías de composición contempladas no artigo 5.2 e nos números 2 e 3 do punto V do anexo I sempre que os responsables da súa comercialización:

a) Informen previamente da súa entrada ás autoridades encargadas de realízalos controis.

b) Acheguen os datos provisionais relativos á súa composición, xunto co texto contido no anexo IV.

c) Presenten ó comprador e ás autoridades competentes, no prazo de dez días, a partir da súa chegada ó territorio español, os datos definitivos relativos á súa composición.

Esta autorización entenderase para o caso de materias primas que entren por primeira vez en circulación dentro do territorio da Unión Europea.

2. As autoridades competentes deberán informala Comisión Europea, a través das canles establecidas, das circunstancias en que foi outorgada a autorización a que se refire o número anterior.

3. As disposicións deste real decreto aplicaranse igualmente ás materias primas para as que se probase, polo menos, mediante unha indicación apropiada, que están destinadas á exportación a países terceiros.

4. Malia o disposto no número anterior, cando un país terceiro establecese, mediante un acordo ou non, o cumprimento de requisitos e condicións diferentes ás estipuladas neste real decreto, haberase que ater ó disposto polo país terceiro.

Cando as materias primas obxecto de exportación a países terceiros se axusten á lexislación correspondente dos países destinatarios e esta estableza requisitos diferentes dos contidos neste real decreto, as devanditas materias primas terán que se elaborar en momentos diferentes ó resto da produción. Ademais, co fin de evitar desvíos ó mercado interior, así como co de posibilitalo control deles, deberanse cumprilas seguintes normas:

a) Os produtos obxecto de exportación expediranse directamente desde o lugar de orixe ata o lugar de saída do territorio español, debendo estar sempre acompañados da autorización correspondente, expedida polo órgano competente da comunidade autónoma de que se trate, na que, ademais do nome ou razón social e enderezo do fabricante ou vendedor e do exportador, se fará constar, polo menos, a natureza e composición do produto, o destino, a cantidade que ampara a autorización, o lugar de saída do territorio español, a data límite de validez da autorización e o país de destino.

b) Na etiqueta, impreso no envase ou no documento de acompañamento, se é o caso, figurarán como mínimo os seguintes datos, escritos, polo menos, na lingua oficial do Estado español:

1.º A mención: «para exportar a...» (país terceiro).

2.º Nome ou razón social e domicilio ou sede social do fabricante ou vendedor e do exportador.

3.º Denominación e natureza do produto e destino.

4.º Se é o caso, características de calidade de acordo coa lexislación do país destinatario.

5.º Calquera outra especificación sinalada no documento de autorización.

Naqueles casos en que o país terceiro de destino lle comunique á Administración xeral do Estado a esixencia de certificación específica para un determinado produto, a unidade responsable comunicarlles esta circunstancia ás autoridades correspondentes da comunidade autónoma de que se trate.

Artigo 10. *Denominación das materias primas.*

1. As materias primas para a alimentación animal enumeradas no anexo II só poden poñerse en circulación coas denominacións nel especificadas e coa condición de que se axusten ás descriucións que figuran nel.

2. Admitirase a circulación de materias primas para a alimentación animal non incluídas na lista mencionada no número 1, sempre que circulen con denominacións ou cualificativos distintos dos citados no anexo e que non poidan inducir a erro ó comprador en canto á identidade real do produto que se lle ofrece.

Artigo 11. *Substancias e productos non desexables.*

1. As materias primas destinadas á alimentación animal que conteñan substancias ou productos non desexables en cantidades superiores ás legalmente tolerables, só poderán ser postas en circulación por establecementos autorizados de pensos compostos e que figuren na lista nacional prevista polo Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal.

2. As materias primas a que se refire o número anterior serán etiquetadas como «materias primas para a alimentación animal destinadas a establecementos autorizados que fabriquen pensos compostos».

CAPÍTULO III**Pensos compostos****Artigo 12. *Requisitos para a súa circulación.***

1. Os pensos compostos só poderán poñerse en circulación cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Seren sans, cabais e de calidade comercial suficiente, e que non supoñan ningún perigo para a saúde animal ou humana ou para o ambiente.

b) Reuniren os requisitos documentais e de envasado contidos neste real decreto, de modo que a súa presentación e circulación de ningunha forma poidan inducir a erro.

2. Na circulación dos pensos compostos son de aplicación as disposicións xerais establecidas no anexo V, parte A.

3. Por razóns de protección da saúde humana e animal, e sen prexuízo das disposicións sobre microorganismos nos pensos, queda prohibida a utilización en pensos compostos das materias primas para a alimentación animal relacionadas no anexo VII.

4. Cando as circunstancias o requiran por perigo para a sanidade animal, poderase prohibir a utilización, na elaboración de pensos compostos, daquelas materias primas incluídas no anexo II deste real decreto e conforme o disposto no seu capítulo II.

5. A circulación ou utilización de pensos compostos estará sometida ós requisitos documentais, restricións e prohibicións que, para cada caso, figuren na lexislación comunitaria.

Artigo 13. *Requisitos documentais.*

1. Os pensos compostos unicamente poderán poñerse en circulación cando figuren nun espazo reservado para tal fin, no envase, no recipiente ou nunha etiqueta fixada neles ou, se é o caso, no documento de acompañamento, as indicacións enumeradas no artigo 15, que deben ser ben visibles, claramente lexibles e indelebles e que comprometan a responsabilidade, se é o caso, do produtor, envasador, importador, vendedor ou distribuidor, establecido dentro do territorio español.

2. As indicacións a que se refire o número anterior expresaranse, polo menos, na lingua española oficial do Estado, sen prexuízo da utilización de calquera outra lingua oficial no territorio das comunidades autónomas con idioma propio.

Artigo 14. *Requisitos de envasado.*

1. Os pensos compostos unicamente poden poñerse en circulación en envases ou recipientes cerrados. Os envases cerraranse de tal forma que o cerramento

se deteriore ó proceder á súa apertura e non se poidan volver utilizar.

2. Malia o disposto no número anterior, os pensos compostos poden ser postos en circulación a granel ou en envases ou recipientes non cerrados, se se trata:

a) De entregas entre produtores de pensos compostos.

b) De entregas de produtores de pensos compostos a empresas de acondicionamento.

c) De pensos compostos obtidos pola mestura de grans ou de froitos enteiros.

d) De bloques ou pedras de lamber.

e) De pequenas cantidades de pensos compostos destinados ó usuario final, que non pesen máis de 50 quilogramos, e que procedan directamente dun envase ou recipiente que antes da apertura responda ás disposicións dictadas no número 1 deste artigo.

3. Os pensos compostos poden poñerse en circulación a granel en recipientes non cerrados, pero en ningún caso en envases non cerrados, se se trata:

a) De pensos compostos entregados directamente polo fabricante ó usuario final.

b) De pensos melazados constituídos por tres materias primas para a alimentación animal como máximo.

c) De pensos aglomerados que se presenten en forma de gránulos.

Artigo 15. *Información obrigatoria.*

1. No recipiente, no envase, na etiqueta fixada neles, ou no espazo reservado para tal fin, deberán figurar, nas condicións establecidas no artigo 13, os seguintes datos:

a) A denominación «penso completo», «penso complementario», «penso mineral», «penso melazado», «penso completo de lactación» ou «penso complementario de lactación», segundo o caso.

b) A especie animal ou tipo de animais ós que está destinado o penso.

c) O modo de emprego que indique o destino exacto do penso e que permita a súa utilización adecuada.

d) Para tódolos pensos compostos, exceptuando os destinados a animais de compañía que non sexan nin cans nin gatos, as materias primas para a alimentación animal que deban declararse de acordo co disposto no artigo 18 deste real decreto.

e) Se é o caso, a declaración dos constituíntes analíticos, de acordo co previsto no anexo V, parte A, deste real decreto.

f) Segundo os casos, as declaracións previstas no anexo V, parte B, columnas 1, 2 e 3.

g) O nome ou a razón social e o enderezo ou domicilio social do responsable das indicacións contempladas neste número.

h) A cantidade neta expresada en unidades de masa no caso dos produtos sólidos e en unidades de volume ou de masa para os produtos líquidos.

i) A data límite de durabilidade, que deberá indicarse consonte o disposto no artigo 19.1 desta disposición.

j) O número de referencia do lote, cando non se indique a data de fabricación.

k) O número de autorización ou, segundo corresponda, o de inscrición que se lle atribuíse ó establecemento de conformidade, respectivamente, cos artigos 5 e 9 do Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal.

2. Para os pensos fabricados e comercializados no territorio español, ademais de tódalas indicacións anteriores, deberá indicarse o número de código oficial do

fabricante cando este non sexa o responsable das indicacións da etiquetaxe, se non figura a mención do nome ou razón social e o enderezo ou domicilio social do fabricante.

3. Cando os pensos compostos se poñan en circulación en camións cisterna ou vehículos similares ou consonte o disposto no artigo 14, números 2 e 3, as indicacións contempladas no número 1 deste artigo poden figurar sobre o documento de acompañamento. No caso de que se trate de pequenas cantidades de pensos destinados ó último usuario abonda con que estas indicacións figuren en rótulos adecuados nos lugares de venda.

Artigo 16. *Outras informacións.*

1. Ademais das indicacións previstas no artigo anterior, e no mesmo espazo reservado para este efecto, poden figura-las indicacións suplementarias seguintes:

- a) A marca de identificación ou a marca comercial do responsable das indicacións da etiquetaxe.
- b) O nome ou razón social e o enderezo ou domicilio social do fabricante, se este non é o responsable das indicacións da etiquetaxe.
- c) Se é o caso, o número de referencia do lote.
- d) O país de produción ou de fabricación.
- e) O prezo do produto.
- f) A denominación ou a marca comercial do produto.
- g) Para os pensos compostos destinados a animais de compañía, que non sexan nin cans nin gatos, as materias primas para a alimentación animal que hai que declarar en virtude do artigo 18 deste real decreto.
- h) As indicacións relativas ó estado físico do penso ou ó tratamento específico a que fose sometido.
- i) Se é o caso, as declaracións dos constituíntes analíticos, nos casos previstos no anexo V, parte A.
- j) As declaracións previstas no anexo V, parte B, columnas 1, 2 e 4.
- k) A data de fabricación, que se indicará de acordo co artigo 19.2 deste real decreto.

2. O responsable das indicacións de etiquetaxe do penso composto poderá facilitar outras informacións ademais das contempladas nesta norma, que, en calquera caso, respectarán as seguintes condicións:

- a) Non poderán referirse á declaración da presenza do contido de compoñentes analíticos distintos daqueles dos que a declaración está prevista no artigo 5 do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.
- b) Non deberá inducir a erro ó comprador, en particular, atribuíndolle ó penso efectos ou propiedades que non posúa ou suxerindo que o penso posúe características particulares que son comúns a tódolos pensos similares.
- c) Non deberán referirse a propiedades de prevención, tratamento ou curación de enfermidades.
- d) Deberán referirse a elementos obxectivos ou mensurables que poidan ser xustificadas.
- e) Deberán estar claramente separadas de tódalas indicacións contempladas no artigo 15 e no número 1 deste artigo.

Artigo 17. *Reducción do alcance da información esixida.*

1. Para os pensos compostos que conteñan como máximo tres materias primas para a alimentación animal non se esixirán as indicacións contempladas nas alíneas b) e c) do número 1 do artigo 15, se as devanditas

materias primas para a alimentación animal utilizadas se mencionan claramente na denominación.

2. Para as mesturas de grans enteiros non serán necesarias as declaracións mencionadas nas alíneas e) e f) do número 1 do artigo 15; nembargantes, poderán figura-las devanditas declaracións.

3. As denominacións «penso completo» ou «penso complementario» para os alimentos destinados a animais de compañía que non sexan nin cans nin gatos poderán ser substituídas pola denominación «penso composto». En tal caso, as declaracións requiridas ou admitidas neste artigo non serán as previstas para os pensos completos.

4. A data límite de durabilidade, a cantidade neta e o número de referencia do lote poderán mencionarse fóra do espazo reservado ás indicacións da marcaxe prevista no artigo 15; en tal caso, no referido espazo indicárase o lugar onde figuran.

5. No caso dos pensos compostos para animais de compañía, a denominación «penso» poderá ser substituída pola denominación «alimento».

Artigo 18. *Declaración de materias primas para a alimentación animal.*

En relación coa declaración de materias primas para a alimentación animal, a que se refire o artigo 15.1.d), dispónse o seguinte:

1. Cando figure unha declaración de materias primas para a alimentación animal, deberán mencionarse todas elas.

2. A enumeración de materias primas para a alimentación animal estará sometida ás seguintes regras:

- a) Pensos compostos destinados a animais distintos ós de compañía: enumeración decrecente segundo a súa importancia ponderal.
- b) Pensos compostos destinados a animais de compañía: enumeración das materias primas para a alimentación animal, ou ben, indicando o seu contido, ou mencionándoas por orde decrecente, segundo a súa importancia ponderal.

3. As materias primas para a alimentación animal deberán designarse co seu nome específico.

Non obstante, establecidas as categorías que agrupan varias materias primas para a alimentación animal, recollidas no anexo VI deste real decreto, pódese substituí-lo nome específico dunha materia prima para a alimentación animal pola mención da categoría á que pertence, con suxección ás condicións que a continuación se especifican:

a) Unicamente poderán indicarse no envase, no recipiente ou na etiqueta dos pensos compostos destinados ós animais distintos dos de compañía, as categorías que figuran no anexo VI, parte A.

b) Unicamente poderán indicarse no envase, no recipiente ou na etiqueta dos pensos compostos destinados ós animais de compañía, as categorías que se recollen no anexo VI, parte B.

O recurso a unha destas formas de declaración exclúe outra, agás se algunha das materias primas para a alimentación animal utilizadas non pertencese ás categorías definidas. En tal caso, a materia prima para a alimentación animal designada co seu nome específico citarase na orde de importancia ponderal, en relación coas categorías.

4. Na etiquetaxe dos pensos compostos para animais de compañía poderase, ademais, facer resalta-la presenza ou o baixo contido dunha ou varias materias primas para a alimentación animal esenciais para a determinación das características do alimento. Neste caso, deberá indicarse claramente o contido mínimo ou máxi-

mo expresado en porcentaxe en peso da materia prima ou materias primas para a alimentación animal consideradas esenciais, dunha das tres formas seguintes:

a) Fóra da relación completa de materias primas para a alimentación animal e fronte á indicación da ou das materias primas para a alimentación animal esenciais.

b) Na mesma relación de materias primas para a alimentación animal.

c) Fóra da relación por categorías e fronte á correspondente ás materias primas para a alimentación animal esenciais, mencionando a súa porcentaxe en peso.

Artigo 19. *Indicación de datas.*

1. A data límite de durabilidade, mencionada no artigo 15.1.i) deste real decreto, indícarase por medio das seguintes mencións:

a) «Utilícese antes de ...», seguido da indicación da data (día, mes e ano), no caso dos alimentos microbioloxicamente moi perecedoiros.

b) «Utilícese preferentemente antes de ...», seguido da indicación da data (mes e ano), no caso dos demais alimentos.

Cando outras disposicións da normativa vixente sobre os pensos compostos requiran a mención dunha data límite de durabilidade, ou a dunha data límite de garantía, indícarase unha soa data, a saber, a de vencemento máis próximo.

2. A data de fabricación indícarase por medio da seguinte mención: «Fabricado (x) días, mes(es) ou ano(s)» antes da data límite de durabilidade indicada.

En caso de que se aplique o disposto no número 4 do artigo 17, no espazo reservado para as esixencias da etiquetaxe, indícarase o lugar no que figura a data de fabricación.

Artigo 20. *Intercambios con países terceiros.*

1. Nos pensos compostos procedentes de países terceiros as indicacións a que se refire este capítulo estarán redactadas polo menos na lingua española oficial do Estado, e a mercadoría virá acompañada dun certificado expedido polo organismo oficial competente do país de orixe onde se faga constar que os pensos obxecto de exportación foron elaborados por un fabricante autorizado ou recoñecido oficialmente. Estes pensos deberán cumprir as esixencias establecidas para os de produción nacional.

2. O importador deberá informa-lo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, se é o caso, a comunidade autónoma correspondente da natureza, composición e destino do produto.

Artigo 21. *Excepcións á aplicación deste real decreto.*

Este real decreto non se aplicará ós pensos compostos para os que se probe, polo menos, mediante unha indicación apropiada que están destinados á exportación a países terceiros, para fins científicos ou experimentais. Emporiso:

a) Para os pensos compostos obxecto de exportación, o fabricante deberá estar debidamente autorizado e os devanditos pensos irán en envases ou recipientes cerrados nos que, ben impreso neles ou na etiqueta, figurarán, como mínimo, os seguintes datos, inscritos na lingua española oficial do Estado:

1.º A mención «Para exportar a... (país terceiro)».

2.º Nome ou razón social e domicilio ou sede social do fabricante e do exportador.

3.º Denominación e natureza do produto, e destino (especie e tipo de animais).

4.º Contido en aditivos e identidade deles.

b) No envase ou na etiqueta dos pensos compostos destinados a animais con fins científicos ou experimentais deberán figura-las indicacións seguintes:

1.ª A mención «... para experimentación».

2.ª O nome ou razón social e o enderezo ou domicilio social do fabricante.

3.ª A especie animal ou tipo de animais ós que vai destinado.

4.ª A data de fabricación.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 22. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do establecido neste real decreto sancionárase consonte o regulado na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, e o seu Regulamento, do 4 de febreiro de 1955; no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos; na Lei 26/2001, do 27 de decembro, pola que se establece o sistema de infraccións e sancións en materia de encefalopatías esponxiformes transmisibles; no Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición adicional única. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade, excepto nos seus artigos 9, 20 e 21.a), que se dictan ó abeiro do artigo 149.1.10.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva sobre comercio exterior e sanidade exterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 1489/1998, do 10 de xullo, sobre a circulación de materias primas para a alimentación animal, con excepción da súa disposición derradeira segunda, e a Orde do 8 de outubro de 1992, relativa á comercialización de pensos compostos.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para desenvolveren, no ámbito das súas competencias, as disposicións deste real decreto e para adaptaren os seus anexos ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO I

Xeneralidades

I. Notas explicativas

1. Para a relación e denominación das materias primas para a alimentación animal do anexo II deste real decreto seguíronse os seguintes criterios:

a) Orixe do produto ou subproduto, por exemplo, vexetal, animal, mineral;

b) Parte do produto ou subproduto utilizado, por exemplo, enteiro, sementes, tubérculos, ósos;

c) Tratamento ó que foi sometido o produto ou subproduto, por exemplo, descortización, extracción, tratamento térmico, e o produto ou subproduto resultante, por exemplo, flocos, farelo, polpa, graxa;

d) Madureza do produto ou subproduto, así como a súa calidade ou características, por exemplo, «baixo contido de glicosinolatos», «rico en graxas», «baixo contido en azucre».

2. A lista que figura no anexo II deste real decreto divídese en doce capítulos:

1. Grans de cereais, os seus produtos e subproductos.

2. Sementes oleaxinosas, froitos oleaxinosos, os seus produtos e subproductos.

3. Sementes de leguminosas, os seus produtos e subproductos.

4. Tubérculos, raíces, os seus produtos e subproductos.

5. Outras sementes e froitas, os seus produtos e subproductos.

6. Forraxes e forraxes groseiras.

7. Outras plantas, os seus produtos e subproductos.

8. Productos lácteos.

9. Productos de animais terrestres.

10. Peixes, outros animais mariños, os seus produtos e subproductos.

11. Minerais.

12. Productos varios.

II. Disposicións relativas á pureza botánica

1. Malia o disposto no artigo 3 deste real decreto, as materias primas para a alimentación animal, na medida en que o permitan as prácticas correctas de elaboración, deben estar exentas de impurezas químicas procedentes da utilización, durante o seu proceso de fabricación, de auxiliares tecnolóxicos contemplados no Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais, a non ser que no anexo II deste real decreto se fixase un contido máximo de residuos específico en relación cunha determinada materia prima para a alimentación animal.

2. A pureza botánica dos produtos e subproductos enumerados nos anexos II e III deste real decreto deberá ser, como mínimo, do 95 por 100, a non ser que nos devanditos anexos se mencione unha porcentaxe diferente.

Considéranse impurezas botánicas:

a) As impurezas naturais pero inofensivas (por exemplo, a palla ou os refugallos de palla, de sementes doutras especies cultivadas ou as sementes de malas herbas).

b) Os residuos inofensivos doutras sementes ou froitas oleaxinosas que procedan dun proceso de fabricación anterior, sempre que o seu contido non exceda do 0'5 por 100.

3. As porcentaxes indicadas refírense ó peso do produto e subproduto tal cal.

III. Disposicións relativas ás denominacións

Cando a denominación dunha materia prima para a alimentación animal que figure no anexo II deste real decreto, conteña unha ou máis palabras escritas entre parénteses, a inclusión destas palabras será facultativa, por exemplo, o aceite (de faba) de soia poderá denominarse aceite de faba de soia ou aceite de soia.

IV. Disposicións relativas ó glosario

Este glosario que figura a continuación fai referencia ós principais procedementos utilizados para a preparación das materias primas para a alimentación animal mencionadas nos anexos II e III deste real decreto. Cando nas denominacións desas materias primas se inclúa un nome ou termo común deste glosario, o procedemento empregado deberá axustarse á definición.

(1)	Tratamento (2)	Definición (3)	Denominación común/Cualificativo (4)
1	Concentración.	Aumento do contido de determinados elementos mediante a eliminación do auga ou doutros constituíntes.	Concentrado.
2	Descortizado (1).	Eliminación total ou parcial das capas externas dos grans, sementes, froitos, noces e outros.	Descortizado, parcialmente descortizado.
3	Secado.	Deshidratación natural ou artificial.	Desecado (ó sol ou artificialmente).
4	Extracción.	Separación da graxa ou o aceite de determinadas substancias mediante un disolvente orgánico, ou do azucre ou outros elementos solubles mediante un disolvente acuoso. Se se utiliza un disolvente orgánico, o produto resultante deberá estar tecnicamente exento do devandito disolvente.	Fariña de extracción (no caso das substancias oleaxinosas). Melazas, polpa (no caso de produtos que conteñan azucre ou outros compoñentes solubles).

(1)	Tratamento (2)	Definición (3)	Denominación común/Cualificativo (4)
5	Extrusión.	Proceso polo que se fai pasar un material a través dun orificio mediante presión, empuxe ou impulsión. Véxase tamén «Prexelatinización».	Extrusionado.
6	Fabricación de flocos.	Esmagadura dun produto previamente sometido a un tratamento térmico húmido.	Flocos.
7	Moenda seca.	Tratamento físico do gran para reduci-lo tamaño das partículas e facilita-la separación das fraccións constituíntes (principalmente a fariña, o farelo e as fariñas grosas).	Fariña, farelo e fariñas grosas e fariña forraxeira.
8	Tratamento térmico.	Termo xeral que abarca unha serie de tratamentos térmicos efectuados en condicións especiais con obxecto de modifica-lo valor nutritivo ou a estrutura da materia.	Torrado, asado, tratado termicamente.
9	Hidroxenación.	Tratamento dos aceites e graxas para que alcancen un punto de fusión máis elevado.	Hidroxenado, parcialmente hidroxenado.
10	Hidrólise.	Descomposición en compoñentes químicos máis simples mediante un tratamento adecuado con auga e, se é o caso, con enzimas ou ácido/álcali.	Hidrolizado.
11	Presión.	Separación, por presión mecánica (mediante rosca ou outro tipo de prensa) e, se é o caso, con calor, da graxa ou o aceite das substancias oleaxinosas ou do zume das froitas e outros vexetais.	Torta de presión (2) (no caso das substancias oleaxinosas). Polpa, bagazo (no caso das froitas, etc.). Polpa de remolacha comprimida (no caso de remolachas azucreiras).
12	Granulación.	Fabricación de gránulos mediante presión.	Granulado.
13	Prexelatinización	Modificación do amidón para mellorar considerablemente a súa propiedade de incharse en contacto coa auga fría.	Prexelatinizado, inchado.
14	Refinación.	Eliminación total ou parcial das impurezas presentes nos azucres, aceites e outras materias naturais mediante un tratamento físico ou químico.	Refinado, parcialmente refinado.
15	Moenda húmida.	Separación mecánica das diversas partes da semente ou do gran trala adición de auga con ou sen anhídrido sulfuroso para extrae-lo amidón.	Xerme, glute, amidón.
16	Trituración.	Transformación mecánica dos grans ou doutras materias primas para a alimentación animal destinada a reduci-lo seu tamaño.	Triturado, trituración.
17	Desazucrado.	Extracción total ou parcial dos monosacáridos ou disacáridos da melaza e doutras substancias que conteñan azucre mediante procedementos químicos ou físicos.	Desazucrado, parcialmente desazucrado.

(1) «Descortizado» pode substituírse, cando corresponda, por «escascado» ou «escascarillado». En tal caso, as denominacións ou termos comúns deberán ser, respectivamente, «escascado» e «escascarillado».

(2) Se é necesario, a expresión «torta de presión» pode substituírse simplemente polo termo «torta».

V. Disposicións referentes ós contidos indicados ou de declaración necesaria de acordo cos anexos II e III

1. Os contidos indicados ou de declaración necesaria expresaranse en relación co peso da materia prima para a alimentación animal, agás indicación en contrario.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 3 e no número 3 do artigo 8 deste real decreto, e sempre que non se determinase outro contido nos anexos II e III deste real decreto, o contido de humidade da materia prima para a alimentación animal deberá indicarse sempre que exceda do 14 por 100 do seu peso. O contido de humidade das materias primas para a alimentación animal que non superen o citado límite deberá declararse por petición do comprador.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 3 deste real decreto e sempre que non se determinase outro contido nos anexos II e III deste real decreto, o contido de cinzas insolubles en ácido clorhídrico das materias primas para a alimentación animal deberá indicarse se é superior ó 2,2 por 100 da materia seca.

VI. Disposicións relativas ós axentes desnaturalizantes e aglutinantes

Cando os produtos mencionados na columna 2 do anexo II deste real decreto ou na columna 1 do seu anexo III se utilicen para desnaturalizar ou aglutinar materias primas para a alimentación animal, deberá proporcionarse a información seguinte:

a) Axentes desnaturalizantes: natureza e cantidade dos produtos utilizados.

b) Aglutinantes: natureza dos produtos utilizados. A cantidade de aglutinantes utilizados nunca poderá exceder do 3 por 100 do peso total do produto.

VII. Disposicións relativas ós niveis mínimos tolerados indicados ou de declaración necesaria de acordo cos anexos II e III

Cando, con motivo dun control oficial realizado conforme o establecido no artigo 5 do Real decreto 557/1998, do 2 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, se descubra que a

composición dunha materia prima para a alimentación animal se afasta da composición declarada ata reduci-lo seu valor, aplicaranse as marxes mínimas de tolerancia seguintes:

a) Proteína bruta:

Dúas unidades para un contido declarado igual ou superior ó 20 por 100.

10 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 20 por 100, ata o 10 por 100.

Unha unidade para un contido declarado inferior ó 10 por 100.

b) Azucres totais, azucres reductores, sacarosa, lactosa e glicosa (dextrosa):

Dúas unidades para un contido declarado igual ou superior ó 20 por 100.

10 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 20 por 100, ata o 5 por 100.

0,5 unidades para un contido declarado inferior ó 5 por 100.

c) Amidón e inulina:

Tres unidades para un contido declarado igual ou superior ó 30 por 100.

10 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 30 por 100, ata o 10 por 100.

Unha unidade para un contido declarado inferior ó 10 por 100.

d) Aceites e graxas brutos:

1,8 unidades para un contido declarado igual ou superior ó 15 por 100.

12 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 15 por 100, ata o 5 por 100.

0,6 unidades para un contido declarado inferior ó 5 por 100.

e) Fibra bruta:

2,1 unidades para un contido declarado igual ou superior ó 14 por 100.

15 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 14 por 100, ata o 6 por 100.

0,9 unidades para un contido declarado inferior ó 6 por 100.

f) Humidade e cinzas brutas:

Unha unidade para un contido declarado igual ou superior ó 10 por 100.

10 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 10 por 100, ata o 5 por 100.

0,5 unidades para un contido declarado inferior ó 5 por 100.

g) Total de fósforo, sodio, carbonato de calcio, calcio, magnesio, índice de acidez e materia insoluble en petróleo lixeiro:

1,5 unidades para un contido declarado igual ou superior ó 15 por 100.

10 por 100 do contido declarado para un contido declarado inferior ó 15 por 100, ata o 2 por 100.

0,2 unidades para un contido declarado inferior ó 2 por 100.

h) Cinzas insolubles en ácido clorhídrico e cloruros, expresados en NaCl:

10 por 100 do contido declarado igual ou superior ó 3 por 100.

0,3 unidades para un contido declarado inferior ó 3 por 100.

i) Caroteno, vitamina A e xantofila:

30 por 100 do contido declarado.

j) Metionina, lisina e bases nitroxenadas volátiles:

20 por 100 do contido declarado.

VIII. Disposicións relativas á etiquetaxe das materias primas para a alimentación animal que conteñan proteínas animais elaboradas

1. Na etiquetaxe das materias primas para a alimentación animal que conteñan proteínas animais elaboradas, tal como se definen no artigo 1 da Decisión 2000/766/CE do Consello, deberá figura-la mención seguinte:

«Contén proteínas animais elaboradas prohibidas na alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos.»

2. Esta disposición non se aplica ós seguintes produtos:

a) Leite e produtos lácteos,

b) Xelatina de non ruminantes para o recubrimento dos aditivos no sentido da Directiva 70/524 do Consello, do 23 de novembro, sobre os aditivos na alimentación animal.

3. Malia o anterior, na etiquetaxe da fariña de peixe, o fosfato dicálcico procedente de ósos desgraxados e as proteínas hidrolizadas, que se deberán ter obtido de acordo coas condicións descritas nas Decisións 2001/9/CE e 2001/165/CE da Comisión, deberá figura-la mención seguinte:

«Contén fariña de peixe, ou fosfato dicálcico procedente de ósos desgraxados ou proteínas hidrolizadas, e non pode destinarse a alimento para ruminantes.»

ANEXO II

Lista non excluín-te das principais materias primas para a alimentación animal

1. Grans de cereais, os seus productos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
1.01 1.02	Avea. Flocos de avea.	Grans de <i>Avea sativa L.</i> e doutras variedades de avea. Producto obtido por tratamento ó vapor e esmagamento de avea escascarillada que pode conter unha pequena proporción de cascarilla.	Amidón.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
1.03	Fariñas grosas de avea.	Subproduto obtido durante a transformación de avea peneirada e escascarillada en avea mondada e fariña. Está formado principalmente por farelo e parte do endospermo.	Fibra bruta.
1.04	Cascas e farelo de avea.	Subproduto obtido durante a transformación de avea peneirada en avea mondada. Está formado principalmente por cascas e farelo.	Fibra bruta.
1.05	Cebada.	Grans de <i>Hordeum vulgare L.</i>	
1.06	Fariñas grosas de cebada.	Subproduto obtido durante a transformación de cebada peneirada e escascarillada en cebada mondada, sémola ou fariña.	Fibra bruta.
1.07	Proteína de cebada.	Subproduto desecado da amidonaría de cebada. Constituído principalmente de proteína obtida durante a separación do amidón.	Proteína bruta. Amidón.
1.08	Arroz partido.	Subproduto obtido ó preparar arroz pulido ou arroz glaseado <i>Oryza sativa L.</i> Constituído esencialmente por grans pequenos ou partidos.	Amidón.
1.09	Farelo de arroz (moreno).	Subproduto obtido no primeiro pulimento do arroz escascarillado. Constituído principalmente por películas prateadas, partículas da capa de aleurona, endospermo e xermes.	Fibra bruta.
1.10	Farelo de arroz (branco).	Subproduto obtido no segundo pulimento do arroz escascarillado. Constituído principalmente por partículas de endospermo, capa de aleurona e xermes.	Fibra bruta.
1.11	Farelo de arroz con carbonato cálcico.	Subproduto do pulimento do arroz escascarillado. Constituído principalmente por películas prateadas, partículas da capa de aleurona, endospermo, xermes e cantidades variables de carbonato cálcico procedente do proceso de fabricación.	Fibra bruta. Carbonato cálcico.
1.12	Fariña forraxeira de arroz precocido.	Subproduto do pulimento do arroz precocido escascarillado. Constituído principalmente por películas prateadas, partículas da capa de aleurona, endospermo, xermes e cantidades variables de carbonato cálcico procedente do proceso de fabricación.	Fibra bruta. Carbonato cálcico.
1.13	Arroz forraxeiro mudo.	Produto obtido mediante a moedura de arroz forraxeiro constituído ben por grans verdes sen madurar ou de aspecto gredoso mediante peneirado durante a fabricación de arroz escascarillado, ben por grans de arroz normais escascarillados, manchados ou amarelos.	Amidón.
1.14	Torta de presión de xerme de arroz.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de xerme de arroz que conserve adheridas partes do endospermo e da cuberta.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
1.15	Torta de extracción de xerme de arroz.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de xerme de arroz que conserva adheridas partes do endospermo e da cuberta.	Proteína bruta.
1.16	Amidón de arroz.	Amidón de arroz tecnicamente puro.	Amidón.
1.17	Paínzo.	Grans de <i>Panicum miliaceum L.</i>	
1.18	Centeo.	Grans de <i>Secale cereale L.</i>	
1.19	Fariñas grosas de centeo ⁽¹⁾ .	Subproduto da fabricación de fariña de centeo previamente peneirado. Constituído principalmente por partículas de endospermo, con finos fragmentos de envolturas e algúns residuos de grans.	Amidón.
1.20	Fariña forraxeira de centeo.	Subproduto da fabricación de fariña de centeo previamente peneirado. Constituído principalmente por fragmentos de envolturas e partículas de gran do que se eliminou menos endospermo que no caso do farelo de centeo.	Fibra bruta.
1.21	Farelo de centeo.	Subproduto da fabricación de fariña de centeo previamente peneirado. Constituído principalmente por fragmentos de envolturas e por partículas de gran do que se eliminou a maior parte do endospermo.	Fibra bruta.
1.22	Sorgo.	Grans de <i>Sorghum bicolor (L.) Moench s.l.</i>	
1.23	Trigo.	Grans de <i>Triticum aestivum L.</i> , <i>Triticum durum</i> Desf. e outras variedades de trigo.	

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
1.24	Fariñas grosas de trigo ⁽²⁾ .	Subproduto da fabricación de fariña a partir de grans de trigo ou de espelta escascarillada previamente peneirados. Constituído principalmente por partículas de endospermo con finos fragmentos de envolturas e algúns residuos de grans.	Amidón.
1.25	Fariña forraxeira de trigo.	Subproduto da fabricación de fariña a partir de grans de trigo ou de espelta escascarillada previamente peneirados. Constituído principalmente por fragmentos de envolturas e por partículas de gran do que se eliminou menos endospermo ca no caso do farelo de trigo.	Fibra bruta.
1.26	Farelo de trigo ⁽³⁾ .	Subproduto da fabricación de fariña a partir de grans de trigo ou de espelta escascarillada previamente peneirados. Constituído principalmente por fragmentos de envolturas e por partículas de gran do que se eliminou a maior parte do endospermo.	Fibra bruta.
1.27	Xermes de trigo.	Subproduto da moenda constituído esencialmente por xermes de trigo, esmagados ou non, que aínda poden conservar adheridos fragmentos do endospermo e da envoltura.	Proteína bruta. Graxa bruta.
1.28	Glute de trigo.	Subproduto obtido da fabricación de amidón e de glute de trigo. Constituído por farelo, ó que se lle retirou parcialmente o xerme ou non, e por glute, ós que se lles poden engadir pequenas cantidades de partidos de trigo resultantes da cribaxe dos grans e de moi pequenas cantidades de residuos da hidrólise do amidón.	Proteína bruta.
1.29	Alimento de glute de trigo.	Subproduto obtido da fabricación de amidón e de glute de trigo. Constituído por farelo, ó que se lle retirou parcialmente o xerme ou non, e por glute, ós que se lles poden engadir moi pequenas cantidades de partidos de trigo resultantes da cribaxe dos grans e de moi pequenas cantidades de residuos da hidrólise do amidón.	Proteína bruta. Amidón.
1.30	Amidón de trigo.	Amidón de trigo tecnicamente puro.	Amidón.
1.31	Amidón de trigo prexelatinizado.	Produto composto de amidón de trigo, en gran medida prexelatinizado mediante tratamento térmico.	Amidón.
1.32	Espelta.	Grans de espelta <i>Triticum spelta</i> L., <i>Triticum diocccum</i> Schrank, <i>Triticum monococcum</i> .	
1.33	Tritical.	Grans do híbrido de <i>Triticum X Secale</i> .	
1.34	Millo.	Grans de <i>Zea Mays</i> L.	
1.35	Fariñas grosas de millo ⁽⁴⁾ .	Subproduto da fabricación de fariña ou de sémola de millo. Constituído principalmente por fragmentos de envolturas e por partículas de gran do que se eliminou menos endospermo ca no caso do farelo de millo.	Fibra bruta.
1.36	Farelo de millo.	Subproduto da fabricación de fariña ou de sémola de millo. Constituídos principalmente por envolturas así como por fragmentos de xermes de millo, con algunhas partículas de endospermo.	Fibra bruta.
1.37	Torta de presión de xermes de millo.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de xermes de millo secos ou húmidos que aínda poden conservar adheridas partes da testa e do endospermo.	Proteína bruta. Graxa bruta.
1.38	Torta de extracción de xermes de millo.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de xermes de millo secos ou húmidos que aínda poden conservar adheridas partes da testa e do endospermo.	Proteína bruta.
1.39	Alimento de glute de millo ⁽⁵⁾ .	Subproduto do amidón de millo por vía húmida. Está constituído por farelo, por glute e pola adición de residuos da cribaxe do millo, nunha proporción non superior ó 15 por 100 en peso, e mesmo de residuos procedentes das augas de remollo do millo, utilizadas para a produción de alcohol ou outros derivados do amidón. Ademais, o produto pode conter residuos da extracción do aceite de xerme de millo igualmente por vía húmida.	Proteína bruta. Amidón. Graxa bruta, cando > 4,5 por 100.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
1.40	Glute de millo.	Subproduto desecado do amidón de millo. Constituído principalmente polo glute obtido durante a separación do amidón.	Proteína bruta.
1.41	Amidón de millo.	Amidón de millo tecnicamente puro.	Amidón.
1.42	Amidón de millo prexelatinizado ⁽⁶⁾ .	Produto composto de amidón de millo, en gran medida prexelatinizado mediante tratamento térmico.	Amidón.
1.43	Raiciñas de malta.	Subproduto de maltería constituído principalmente por raiciñas desecadas de cereais xerminados.	Proteína bruta.
1.44	Residuos desecados de cervexería.	Subproduto de cervexería obtido por desecación de residuos de cereais malteados ou non malteados e doutros produtos amiláceos.	Proteína bruta.
1.45	Residuos desecados de destilería ⁽⁷⁾ .	Subproduto da destilación do alcohol obtido por desecación de residuos sólidos de gran fermentado.	Proteína bruta.
1.46	Residuos escuros de destilería ⁽⁸⁾ .	Subproduto de destilación do alcohol obtido por desecación de residuos sólidos de gran fermentado ó que se lle engadiu unha parte do xarope ou das augas de lavado evaporadas.	Proteína bruta.

(1) Os produtos que conteñan máis do 40 por 100 de amidón poderán denominarse «ricos en amidón».

(2) Os produtos que conteñan máis do 40 por 100 de amidón poderán denominarse «ricos en amidón».

(3) Cando este ingrediente fose sometido a unha moedura máis fina, poderase engadi-la palabra «fino» ó nome ou substituí-lo nome pola denominación correspondente.

(4) Os produtos que conteñan máis do 40 por 100 de amidón poderán denominarse «ricos en amidón».

(5) Esta denominación pode substituírse por «gluten feed» de millo.

(6) Esta denominación pode substituírse por «amidón de millo extruído».

(7) A especie de cereal pode engadirse á denominación.

(8) Esta denominación pode substituírse por «borras e solubles de destilería». A especie de cereal pode engadirse á denominación.

2. Sementes oleaxinosas, froitos oleaxinosos, os seus produtos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
2.01	Torta de presión de cacahuete parcialmente descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de cacahuets parcialmente descortizados <i>Arachis hypogaea L.</i> e outras especies de <i>Arachis</i> (contido máximo de fibra bruta: 16 por 100 da materia seca).	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.02	Fariña de extracción de cacahuete parcialmente descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de cacahuets parcialmente descortizados (contido máximo de fibra bruta: 16 por 100 da materia seca).	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.03	Torta de presión de cacahuete descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de cacahuets descortizados.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.04	Fariña de extracción de cacahuete descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de cacahuets descortizados.	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.05	Semente de colza ⁽¹⁾ .	Sementes de colza <i>Brassica napus L. ssp. Oleifera</i> (Metzg.) Sinsk., de colza india <i>Brassica napus L. var. Glauca</i> (Roxb.) O.E. Schulz e de colza <i>Brassica napa L. ssp. Oleifera</i> (Metzg.) Sinsk (pureza botánica mínima: 94 por 100).	
2.06	Torta de presión de semente de colza ⁽¹⁾ .	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de sementes de colza (pureza botánica mínima: 94 por 100).	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.07	Fariña de extracción de semente de colza ⁽¹⁾ .	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de colza (pureza botánica mínima: 94 por 100).	Proteína bruta.
2.08	Cascas de colza.	Subproduto obtido durante o descortizado da colza.	
2.09	Fariña de extracción de cártamo parcialmente descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de cártamo <i>Cartamus tinctorius L.</i> Parcialmente descortizado.	Proteína bruta. Fibra bruta.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
2.10	Torta de presión de copra.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión da medula desecada (endospermo) e a cascarilla externa (tegumento) da semente da palma de coco <i>Cocos nucifera</i> L.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.11	Fariña de extracción de copra.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir da medula desecada (endospermo) e a cascarilla externa (tegumento) da semente da palma de coco.	Proteína bruta.
2.12	Torta de presión de palmiste.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de nozes de palma <i>Elaeis guineensis</i> Jacq., <i>Corozo oleifera</i> (H.B.K.) L.H. Bailex (<i>Elaeis melanococca auct.</i>) das que se eliminou toda a cortiza leñosa posible.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.13	Fariña de extracción de palmiste.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de nozes de palma das que se eliminou toda a cortiza leñosa posible.	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.14	Fabas de soia torrada.	Fabas de soia <i>Glycine max.</i> (L.) Merr. Sometidas a un tratamento térmico adecuado (actividade ureásica máxima de 0'4 mg N/g x min.).	
2.15	Fariña de extracción de soia torrada.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción e un tratamento térmico adecuado a partir das fabas de soia (actividade ureásica máxima de 0'4 mg N/g x min.).	Proteína bruta. Celulosa bruta, cando > 8 por 100.
2.16	Fariña de extracción de soia torrada e descortizada.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción e tratamento térmico adecuado a partir de fabas de soia descortizadas (contido máximo de fibra bruta: 8 por 100 da materia seca) (actividade ureásica máxima de 0'5 mg N/g x min.).	Proteína bruta.
2.17	Concentrado de proteína de soia.	Subproduto obtido por extracción de fabas de soia descortizadas que fosen sometidas a unha nova extracción para reduci-la porcentaxe de extracto non nitroxenado.	Proteína bruta.
2.18	Aceite vexetal ⁽²⁾ .	Aceite obtido a partir de vexetais.	Humidade, cando > 1 por 100.
2.19	Cascas de (faba de) soia.	Subproduto obtido durante o descortizado das fabas de soia.	Fibra bruta.
2.20	Sementes de algodón.	Sementes de algodón <i>Gossypium spp.</i> Exentas de fibras.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.21	Fariña de extracción de semente de algodón parcialmente descortizada.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de algodón parcialmente descortizadas e exentas de fibras (contido máximo de fibra bruta: 22'5 por 100 da materia seca).	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.22	Torta de presión de semente de algodón.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de sementes de algodón exentas de fibras.	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.23	Torta de presión de níxer.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de sementes de níxer <i>Guizotia abyssinica</i> (L.f) Cass. (cinza insoluble en HCl: máximo 3'4 por 100).	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.24	Semente de xirasol.	Sementes do xirasol <i>Helianthus annuus</i> L.	
2.25	Fariña de extracción de semente de xirasol.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de xirasol.	Proteína bruta.
2.26	Fariña de extracción de xirasol parcialmente descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de xirasol parcialmente descortizadas (contido máximo de fibra bruta: 27'5 por 100 da materia seca).	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.27	Sementes de liño.	Sementes de liño <i>Linum usitatissimum</i> L. (pureza botánica mínima: 93 por 100).	
2.28	Torta de presión de liño.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de sementes de liño (pureza botánica mínima: 93 por 100).	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.29	Fariña de extracción de liño.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de sementes de liño (pureza botánica mínima: 93 por 100).	Proteína bruta.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
2.30	Bagazo de oliva desosada.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido tralo prensado de olivas <i>Olea europaea L.</i> exento todo o posible de fragmentos de óso.	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.31	Torta de presión de sésamo.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por presión a partir de sementes de sésamo <i>Sesamum indicum L.</i> (cinza insoluble en HCl: máximo 5 por 100).	Proteína bruta. Graxa bruta. Fibra bruta.
2.32	Fariña de extracción de cacao parcialmente descortizado.	Subproduto da industria extractora de aceite obtido por extracción a partir de fabas de cacao desecadas e torradas <i>Theobroma cacao L.</i> das que se eliminou parte da cascarilla.	Proteína bruta. Fibra bruta.
2.33	Cascarilla de cacao.	Tegumentos de fabas de cacao <i>Theobroma cacao L.</i> desecadas e torradas.	Fibra bruta.

(1) Se é o caso, esta denominación pode completarse coas palabras "baixo contido de glicosinolatos". Aplicarase a definición de baixo contido de glicosinolatos que figura na normativa comunitaria.

(2) A especie vexetal debe engadirse á denominación.

3. Sementes de leguminosas, os seus produtos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
3.01	Garavanzos	Sementes de <i>Cicer arietinum L.</i>	Proteína bruta.
3.02	Torta de extracción de fariña de guar.	Subproduto procedente da extracción do mucílago das sementes de <i>Cyamopsis tetragonoloba (L.) Taub.</i>	
3.03	Ervellas forraxeiras	Sementes de <i>Ervum ervilia L.</i>	
3.04	Pedrelos ⁽¹⁾ .	Sementes de <i>Lathyrus sativus L.</i> , sometidas ó tratamento térmico adecuado	
3.05	Lentellas.	Sementes de <i>Lens culinaris a.o. Medik.</i>	Proteína bruta. Fibra bruta.
3.06	Tremoceiros doces.	Sementes de <i>Lupinus spp.</i> , con baixo contido de semente amarga.	
3.07	Feixóns torrados.	Sementes de <i>Phaseolus</i> ou <i>Vigna spp</i> sometidas a un tratamento térmico adecuado para eliminar as lecitinas tóxicas.	
3.08	Chícharos.	Sementes de <i>Pisum spp.</i>	
3.09	Fariñas grosas de chícharos.	Subproduto da fabricación de fariña de chícharos Constituído principalmente por partículas do cotiledón e, en menor medida, por peles.	
3.10	Farelo de chícharos.	Subproduto da fabricación de fariña de chícharos Constituído principalmente por follos desprendidos durante a peladura e limpeza dos chícharos.	
3.11	Fabas e faballóns.	Sementes <i>Vicia faba L. spp. faba var. Equina Pers.</i> e var. <i>minuta (Alef.) Mansf.</i>	
3.12	Ervellaca.	Sementes de <i>Vicia monanthos Desf.</i>	
3.13	Veas.	Sementes de <i>Vicia sativa L var sativa</i> e outras variedades.	

(1) Esta denominación debe completarse cunha indicación do tipo de tratamento térmico aplicado.

4. Tubérculos, raíces, os seus produtos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
4.01	Polpa de remolacha (azucreira).	Subproduto da fabricación do azucre constituído por anacos extraídos e desecados de remolacha azucreira <i>Beta vulgaris L. ssp. Vulgaris var. altissima Doell</i> (contido máximo de cinza insoluble en HCl: 4,5 por 100 da materia seca).	Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 da materia seca. Azucre total expresado en sacarosa, cando > 10,5 por 100.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
4.02	Melazas de remolacha (azucreira).	Subproduto constituído polo residuo de xarope recollido durante a fabricación ou a refinación do azucre procedente de remolachas azucreiras.	Azucre total expresado en sacarosa. Humidade, cando > 28 por 100.
4.03	Polpa de remolacha (azucreira) melazada.	Subproduto da fabricación do azucre composto por polpas desecadas de remolacha azucreira con adición de melazas (contido máximo de cinza insoluble en HCl: 4,5 por 100 da materia seca).	Azucre total expresado en sacarosa. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 da materia seca.
4.04	Viñazas de remolacha (azucreira).	Subproduto obtido trala fermentación de melazas de remolacha na fabricación do alcohol, a levadura, o ácido cítrico ou outras substancias orgánicas.	Proteína bruta. Humidade, cando > 35 por 100.
4.05	Azucre (de remolacha) ¹⁾ .	Azucre extraído de remolacha azucreira.	Sacarosa.
4.06	Batata.	Tubérculos de <i>Ipomoea batatas</i> (L.) Poir, con independencia da súa presentación.	Amidón.
4.07	Mandioca ²⁾ .	Raíces de <i>Manihot esculenta</i> Crantz, con independencia da súa presentación (contido máximo de cinza insoluble en HCl: 4,5 por 100 da materia seca).	Amidón. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 da materia seca.
4.08	Amidón de mandioca prexlatinizado ³⁾ .	Amidón obtido de raíces de mandioca moi expandidas pola aplicación dun tratamento térmico adecuado.	Amidón.
4.09	Polpa de pataca.	Subproduto de fécula de <i>Solanum tuberosum</i> L.	
4.10	Fécula de pataca.	Fécula de pataca tecnicamente pura.	Amidón.
4.11	Proteína de pataca.	Subproduto desecado de feculería constituído, principalmente, por substancias proteínicas procedentes da separación da fécula.	Proteína bruta.
4.12	Flocos de pataca.	Produto obtido mediante secado rotativo de patacas lavadas, peladas ou sen pelar cocidas.	Amidón. Cinza bruta.
4.13	Zume de pataca concentrado.	Residuo da fécula da pataca, da que se extraeu unha parte das proteínas e da auga.	Proteína bruta. Ceniza bruta.
4.14	Fécula de pataca inchada.	Produto constituído por fécula de pataca, prexlatinizado en gran parte.	Amidón.

(1) Esta denominación pode substituírse por «sacarosa».

(2) Esta denominación pode substituírse por «tapioca».

(3) Esta denominación pode substituírse por «amidón de tapioca».

5. Outras sementes e froitas, os seus produtos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
5.01	Fariña de alfarroba.	Produto obtido por trituración do froito seco (vaíñas) da alfarrobeira <i>Ceratonía siliqua</i> L., do que se eliminaron as sementes.	Fibra bruta.
5.02	Polpa de cítricos.	Subproduto obtido mediante prensado de cítricos <i>Citrus spp.</i> durante a elaboración de zume.	Fibra bruta.
5.03	Follo de froita ¹⁾ .	Subproduto obtido mediante prensado durante a elaboración de zume de froita de pebida ou de óso.	Fibra bruta.
5.04	Polpa de tomate.	Subproduto obtido mediante prensado de tomates <i>Solanum lycopersicum</i> Karst. durante a elaboración de zume.	Fibra bruta.
5.05	Torta de extracción de pebida de uva.	Subproduto obtido da extracción do aceite de pebida de uva.	Fibra bruta, cando > 45 por 100.
5.06	Polpa de uva.	Bagazo de uva, desecado rapidamente trala extracción do alcohol e, na medida do posible, sen cangallos nin pebida de uva.	Fibra bruta, cando > 25 por 100.
5.07	Pebida de uva.	Pebidas extraídas do bagazo de uva das que non se extraeu o aceite.	Graxa bruta. Fibra bruta, cando > 45 por 100

(1) A especie da froita pode engadirse á denominación.

6. *Forraxes e forraxes groseiras*

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
6.01	Fariña de alfalfa ⁽¹⁾ .	Producto obtido por desecación e moedura de alfalfa nova <i>Medicago sativa L.</i> e <i>Medicago varia Martyn.</i> que, non obstante, pode conter ata un 20 por 100 de trevo novo ou outras plantas forraxeiras que fosen desecadas e moídas ó mesmo tempo cá alfalfa.	Proteína bruta. Fibra bruta. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 de materia seca.
6.02	Residuos de alfalfa.	Subproduto obtido ó extraer zume de alfalfa mediante prensado.	Proteína bruta.
6.03	Concentrado proteínico de alfalfa.	Producto obtido por desecación e moedura de trevo novo <i>Trifolium spp.</i> , que, nembargantes, pode conter ata un 20 por 100 de alfalfa nova ou outras plantas forraxeiras que fosen desecadas e moídas ó mesmo tempo có trevo.	Caroteno. Proteína bruta.
6.04	Fariña de trevo ⁽¹⁾ .	Producto obtido por desecación e moedura de trevo novo <i>Trifolium spp.</i> que, non obstante, pode conter ata un 20 por 100 de alfalfa nova ou outras plantas forraxeiras que fosen desecadas e moídas ó mesmo tempo có trevo.	Proteína bruta. Fibra bruta. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 de materia seca.
6.05	Fariña de herba ⁽¹⁾⁽²⁾ .	Producto obtido por desecación e moedura de plantas forraxeiras xoves.	Proteína bruta. Fibra bruta. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,5 por 100 de materia seca.
6.06	Palla de cereais ⁽³⁾ .	Palla de cereais.	
6.07	Palla de cereais tratada ⁽⁴⁾ .	Producto obtido mediante un tratamento adecuado da palla dos cereais.	Sodio, se foi tratado con NaOH.

(1) O termo «fariña» pode substituírse por «pellets». O método de desecación tamén poderá indicarse na denominación.

(2) A especie das plantas forraxeiras pode indicarse na denominación.

(3) A especie de cereal debe indicarse na denominación.

(4) Esta denominación debe completarse cunha indicación da natureza do tratamento químico efectuado.

7. *Outras plantas, os seus produtos e subproductos*

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
7.01	Melaza de cana (de azucre).	Subproduto composto de residuos de xaropes recollidos durante a elaboración ou a refinación de azucre de cana <i>Saccharum officinarum L.</i>	Azucre total expresado en sacarosa. Humidade, cando > 30 por 100.
7.02	Viñaza de cana (de azucre).	Subproduto obtido trala fermentación de melazas de cana na fabricación do alcohol, levadura, ácido cítrico ou outras substancias orgánicas.	Proteína bruta. Humidade, cando > 35 por 100.
7.03	Azucre (de cana) ⁽¹⁾	Azucre extraído de cana de azucre.	Sacarosa.
7.04	Fariña de algas.	Producto obtido por desecación e trituración de algas, en especial, de algas pardas. Este produto poderá ter sido lavado para reduci-lo seu contido de iodo.	Ceniza bruta.

(1) Esta denominación pode substituírse por «sacarosa».

8. *Productos lácteos*

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
8.01	Leite descremado en po.	Producto obtido por eliminación da auga contida en leite do que se eliminou a maior parte da graxa.	Proteína bruta. Humidade, cando > 5 por 100.
8.02	Mazada en po.	Producto obtido por eliminación do líquido que queda tras fabricar manteiga.	Proteína bruta. Graxa bruta. Lactosa. Humidade, cando > 6 por 100.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
8.03	Soro de leite en po.	Producto obtido por eliminación do líquido que queda trala fabricación de queixo, leite callado e caseína ou procedementos similares.	Proteína bruta. Lactosa. Humidade, cando > 8 por 100. Cinza bruta.
8.04	Soro de leite parcialmente delactosado en po.	Producto obtido por eliminación do auga contida en soro de leite do cal se extraeu unha parte da lactosa.	Proteína bruta. Lactosa. Humidade, cando > 8 por 100. Cinza bruta.
8.05	Proteína de soro en po ⁽¹⁾ .	Producto obtido por eliminación do auga contida nos compostos proteínicos extraídos do soro ou do leite mediante tratamentos físicos ou químicos.	Proteína bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
8.06	Caseína en po.	Producto obtido do leite descremado ou do soro de manteiga por eliminación da auga contida en caseína precipitada utilizando ácidos ou callo.	Proteína bruta. Humidade, cando > 10 por 100.
8.07	Lactosa en po.	O azucre extraído do leite ou do soro mediante purificación e eliminación da auga.	Lactosa. Humidade, cando > 5 por 100.

(1) Esta denominación pode substituírse por «lactoalbúmina en po».

9. *Productos de animais terrestres*

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
Permitidos na alimentación de animais distintos dos de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos			
9.01	Fariña de carne ⁽¹⁾ .	Producto obtido por quentamento, desecación e moedura de animais terrestres de sangue quente enteiros ou de parte destes, dos que a graxa puido ser parcialmente extraída ou eliminada por medios físicos. O produto debe estar practicamente exento de cascos, cornos, sedas, pelos e plumas, así como do contido do aparello dixestivo (contido mínimo de proteína bruta: 50 por 100 da materia seca) (contido máximo de fósforo total: 8 por 100).	Proteína bruta. Graxa bruta. Cinza bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
9.02	Fariña de carne e ósos ⁽¹⁾ .	Producto obtido por quentamento, desecación e moedura de animais terrestres de sangue quente enteiros ou de partes destes, dos que a graxa puido ser parcialmente extraída ou eliminada por medios físicos. O produto debe estar practicamente exento de cascos, cornos, sedas, pelos e plumas, así como do contido do aparello dixestivo.	Proteína bruta. Graxa bruta. Cinza bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
9.03	Fariña de ósos.	Producto obtido por quentamento, desecación e moedura fina de ósos dos que se extraeu ou eliminou a maior parte da graxa, que procedan de animais terrestres de sangue quente. O produto debe estar practicamente exento de cascos, cornos, sedas, pelos e plumas, así como do contido do aparello dixestivo.	Proteína bruta. Cinza bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
9.04	Roxóns.	Producto residual da elaboración de sebo e doutras graxas de orixe animal obtidas por extracción ou por medios físicos.	Proteína bruta. Cinza bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
9.05	Fariña de aves de curral ⁽¹⁾ .	Producto obtido por quentamento, desecación e moedura de subproductos de aves de curral sacrificadas. O produto debe estar practicamente exento de plumas.	Proteína bruta. Graxa bruta. Cinza bruta. Ceniza insoluble en HCl, cuando > 3,3 por 100. Humedad, cuando > 8 por 100.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
9.06	Harina de plumas hidrolizada.	Producto obtenido por hidrólise, desecación y molturación de plumas de aves de corral.	Proteína bruta. Cinza insoluble en HCl, cando > 3,4 por 100. Humidade, cando > 8 por 100.
9.07	Fariña de sangue.	Producto obtido por desecación da sangue de animais de sangue quente sacrificados. O produto debe estar practicamente exento de substancias estrañas.	Proteína bruta. Humidade, cando > 8 por 100.
Permitidos na alimentación de tódolos animais			
9.08	Graxas animais ⁽²⁾ .	Producto composto de graxas de animais terrestres de sangue quente.	Humidade, cando > 1 por 100.

(1) Os produtos con máis dun 13 por 100 de graxa en materia seca deberán denominarse "ricos en graxas".

(2) Esta denominación pode completarse cunha indicación máis precisa do tipo de graxa animal segundo a súa orixe ou o seu método de obtención (sebo, manteiga, graxa de ósos, etc.).

10. Peixes, outros animais mariños, os seus produtos e subproductos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
Permitidos na alimentación de animais distintos dos ruminantes			
10.01	Fariña de peixe ⁽¹⁾ .	Producto obtido por transformación de peixes enteiros ou de partes destes, dos que se puido extraer parte do aceite e ós que se lles poderán ter engadido de novo solubles de peixe.	Proteína bruta. Graxa bruta. Cinza bruta, cando > 20 por 100.
10.02	Solubles de peixe concentrados.	Producto obtido durante a elaboración da fariña de peixe, separado e estabilizado mediante acidificación ou desecado.	Proteína bruta. Graxa bruta. Humidade, cando > 5 por 100.
Permitidos na alimentación de tódolos animais			
10.03	Aceite de peixe.	Aceite obtido a partir de peixes ou partes de peixes.	Humidade, cando > 1 por 100.
10.04	Aceite de peixe refinado e hidroxenado.	Aceite obtido a partir de peixes, refinado e sometido a hidroxenación.	Índice de iodo. Humidade, cando > 1 por 100.

(1) Os produtos cun contido de proteína bruta en materia seca superior ó 75 por 100 deberán denominarse «ricos en proteínas».

11. Minerais

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
11.01	Carbonato de calcio ⁽¹⁾ .	Producto obtido pola moedura de substancias que conteñen carbonato de calcio, tales como calcarias, cunchas de ostras ou mexillóns ou por precipitación dunha solución ácida.	Calcio. Cinza insoluble en HCl, cando > 5 por 100.
11.02	Carbonato de calcio e magnesio.	Mestura natural de carbonatos de calcio e de magnesio.	Calcio. Magnesio.
11.03	Algas mariñas calcarias («Maërl»).	Producto de orixe natural obtido a partir de algas calcarias trituradas ou granuladas.	Calcio. Cinza insoluble en HCl, cando > 5 por 100.
11.04	Óxido de magnesio.	Óxido de magnesio tecnicamente puro (MgO).	Magnesio.
11.05	Sulfato de magnesio.	Sulfato de magnesio tecnicamente puro (MgSO ₄ ·7H ₂ O).	Magnesio. Azufre.
11.06	Fosfato dicálcico ⁽¹⁾⁽²⁾ .	Fosfato monoácido de calcio precipitado procedente de ósos ou substancias inorgánicas (CaHPO ₄ ·xH ₂ O).	Calcio. Fósforo total.
11.07	Fosfato monodicálcico.	Producto obtido quimicamente e composto de cantidades iguais de fosfato dicálcico e monodicálcico [CaHPO ₄ -Ca(H ₂ PO ₄) ₂ ·H ₂ O].	Fósforo total. Calcio.

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
11.08	Fosfato de rocha desfluorado.	Producto obtido pola moedura de fosfatos naturais purificados e adecuadamente desfluorados.	Fósforo total. Calcio.
11.09	Fariña de ósos desxelatinizados ⁽³⁾ .	Ósos esterilizados, desxelatinizados e triturados dos que se extraeu a graxa.	Fósforo total. Calcio.
11.10	Fosfato monocálcico.	Bi (fosfato dihidroxenado) cálcico tecnicamente puro [Ca(H ₂ PO ₄) ₂ .xH ₂ O].	Fósforo total. Calcio.
11.11	Fosfato cálcico-magnésico.	Fosfato cálcico-magnésico tecnicamente puro.	Calcio. Magnesio. Fósforo total.
11.12	Fosfato monoamónico.	Fosfato monoamónico tecnicamente puro (NH ₄ H ₂ PO ₄).	Nitróxeno total. Fósforo total.
11.13	Cloruro de sodio ⁽¹⁾ .	Cloruro de sodio tecnicamente puro ou produto obtido por moedura de substancias en que o cloruro de sodio se presenta naturalmente, como o sal xema ou o sal mariño.	Sodio.
11.14	Propionato de magnesio.	Propionato de magnesio tecnicamente puro.	Magnesio.
11.15	Fosfato de magnesio.	Producto constituído por fosfato de magnesio tecnicamente puro (MgHPO ₄ .H ₂ O).	Fósforo total. Magnesio.
11.16	Fosfato de sodio, calcio e magnesio.	Producto constituído por fosfato de sodio, calcio e magnesio.	Fósforo total. Magnesio. Calcio. Sodio.
11.17	Fosfato monosódico.	Fosfato monosódico tecnicamente puro (NaH ₂ PO ₄ .H ₂ O).	Fósforo total. Sodio.
11.18	Bicarbonato de sodio.	Bicarbonato de sodio tecnicamente puro (NaHCO ₃).	Sodio.

(1) A natureza do produto de orixe pode substituí-la denominación ou incluírse nela e o proceso de elaboración pode indicarse na denominación.

(2) O fosfato dicálcico procedente de ósos só está permitido na alimentación de animais distintos dos ruminantes

(3) A fariña de ósos desxelatinizados só está permitida na alimentación de animais distintos dos de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos.

12. Productos diversos

Número (1)	Denominación (2)	Descrición (3)	Declaración obrigatoria (4)
12.01	Productos e subproductos de panadería ou de fabricación de pastas alimenticias ⁽¹⁾ .	Producto ou subproducto obtido na elaboración de pan, incluídos produtos de panadería fina, galletas e pastas alimenticias.	Amidón. Azucre total expresado en sacarosa.
12.02	Productos e subproductos de confeitaria ⁽¹⁾ .	Producto ou subproducto obtido na elaboración de doces, incluído chocolate.	Azucre total expresado en sacarosa.
12.03	Productos e subproductos de pastelería e de xadería ⁽¹⁾ .	Producto ou subproducto obtido na elaboración de produtos de pastelería, pasteis ou xeados.	Amidón. Azucre total expresado en sacarosa. Graxa bruta.
12.04	Ácidos graxos.	Subproducto obtido durante a desacidificación mediante álcalis ou mediante destilación de aceites e graxas vexetais ou animais de orixe non especificado.	Graxa bruta. Humidade, cando > 1 por 100.
12.05	Sales de ácidos graxos ⁽²⁾ .	Producto obtido mediante a saponificación de ácidos graxos con hidróxido de calcio, de sodio ou de potasio.	Graxa bruta. Ca (o Na o K, segundo corresponda).

(1) A denominación debe modificarse ou completarse para poder indica-lo procedemento agroalimentario do que se obtívase a materia prima alimentaria.

(2) A denominación pode completarse coa indicación do sal obtido.

ANEXO III

Disposicións relativas á denominación e declaración de certos compoñentes das materias primas non incluídos na lista

As materias primas para a alimentación animal non incluídas na lista do anexo II deste real decreto deberán ir acompañadas, para a súa circulación, dunha declaración obrigatoria dos compoñentes que se indican na segunda columna do cadro que figura a continuación, de acordo co establecido no número 2 do artigo 5 deste real decreto.

Tipo de materia prima (1)	Declaración obrigatoria (2)
1 Grans de cereais. 2 Productos e subproductos das sementes de cereais.	Amidón, cando > 20 por 100. Proteína bruta, cando > 10 por 100. Graxa bruta, cando > 5 por 100. Fibra bruta.

Tipo de materia prima (1)	Declaración obligatoria (2)
3 Sementes e froitos oleaxinosos.	
4 Productos e subproductos das sementes e os froitos oleaxinosos.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Graxa bruta, cando > 5 por 100. Fibra bruta.
5 Sementes leguminosas.	
6 Productos e subproductos das sementes leguminosas.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Fibra bruta.
7 Tubérculos e raíces.	
8 Productos e subproductos dos tubérculos e raíces.	Amidón. Fibra bruta. Cinza insoluble no HCl, cando > 3,5 por 100.
9 Outros produtos e subproductos da industria azucreira de remolacha.	Fibra bruta, cando > 15 por 100. Azucre total expresado en sacarosa. Cinza insoluble no HCl, cando > 3,5 por 100.
10 Outras sementes e froitos, os seus produtos e subproductos.	Proteína bruta. Fibra bruta. Graxa bruta, cando > 10 por 100.
11 Forraxes, incluídas as forraxes groseiras.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Fibra bruta.
12 Outras plantas, os seus produtos e subproductos.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Fibra bruta.
13 Productos e subproductos da industria azucreira de cana.	Fibra bruta, cando > 15 por 100. Azucre total expresado en sacarosa.
14 Productos e subproductos lácteos.	Proteína bruta. Humidade, cando > 5 por 100. Lactosa, cando > 10 por 100.
15 Productos derivados de animais terrestres.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Graxa bruta, cando > 5 por 100. Humidade, cando > 8 por 100.
16 Peixes e outros animais mariños, os seus produtos e subproductos.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Graxa bruta, cando > 5 por 100. Humidade, cando > 8 por 100.
17 Minerais.	Minerais utilizados.
18 Outros.	Proteína bruta, cando > 10 por 100. Fibra bruta. Graxa bruta, cando > 10 por 100. Amidón, cando > 30 por 100. Azucre total expresado en sacarosa, cando > 10 por 100.

ANEXO IV

Texto a que fai referencia o artigo 9 número 1, alínea b) deste real decreto

«Datos provisionais que deberán ser confirmados por... (nome e enderezo do laboratorio encargado de proceder ás análises) con referencia a... (número da mostra que debe ser analizada) antes do... (indicación da data)».

ANEXO V

Parte A

Disposicións xerais

1. Os contidos indicados ou que deban declararse referiranse ó peso do penso composto tal como se encontre, agás indicación en contrario.

2. O contido en auga do penso deberá declararse nos casos en que supere:

a) O 7 por 100 nos pensos de lactación e outros pensos compostos cun contido en produtos lácteos superior ó 40 por 100.

b) O 5 por 100 nos pensos minerais que non conteñan substancias orgánicas.

c) O 10 por 100 nos pensos minerais que conteñan substancias orgánicas.

d) O 14 por 100 nos demais pensos compostos.

No caso dos pensos compostos cun contido en humidade que non exceda dos límites mencionados nos guións anteriores, o devandito contido poderá tamén declararse.

3. O contido en cinzas insolubles en ácido clorhídrico non deberá exceder do 3,3 por 100 con respecto á materia seca no caso dos pensos compostos que conteñan principalmente subproductos do arroz, nin do 2,2 por 100 con respecto á materia seca nos demais casos.

Nembargantes, poderase superar un contido do 2,2 por 100 no caso:

a) Dos pensos compostos que conteñan axentes aglutinantes minerais autorizados.

b) Dos pensos minerais.

c) Dos pensos compostos que conteñan máis dun 50 por 100 de peladuras ou de polpas de remolacha azucreira.

d) Dos pensos compostos para peixes de criadeiro que conteñan máis dun 15 por 100 de fariña de peixe.

E sempre que o devandito contido se declare en porcentaxe expresada con respecto ó penso no seu estado natural.

No caso dos pensos compostos cun contido en cinzas insolubles en ácido clorhídrico que non exceda dos límites mencionados nos guións anteriores, o devandito contido poderá tamén declararse.

4. O contido en ferro dos pensos de lactación para becerros cun peso vivo inferior ou igual a 70 quilogramos deberá alcanzar como mínimo 30 miligramos por quilogramo de penso completo, referido a un contido de humidade do 12 por 100.

5. Se como consecuencia dos controis oficiais se comprobouse unha diferenza entre o resultado do control e o contido declarado, as tolerancias aplicadas no que respecta ós pensos compostos, con excepción dos alimentos destinados ós animais de compañía serán, agás o disposto no artigo 12.1, polo menos, as seguintes:

5.1 Se o contido comprobado fose inferior ó contido declarado.

5.1.1 Proteína bruta:

Dúas unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 20 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 20 por 100 (ata o 10 por 100).

Unha unidade para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100.

5.1.2 Azucres totais:

Dúas unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 20 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 20 por 100 (ata o 10 por 100).

Unha unidade para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100.

5.1.3 Amidón e azucres totais máis amidón:

2,5 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 25 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 25 por 100 (ata o 10 por 100).

Unha unidade para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100.

5.1.4 Materias graxas brutas:

1,5 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 15 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 15 por 100 (ata o 8 por 100).

0,8 unidades para os contidos declarados inferiores ó 8 por 100.

5.1.5 Sodio, potasio e magnesio:

1,5 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 15 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 15 por 100 (ata o 7,5 por 100).

0,75 unidades para os contidos declarados inferiores ó 7,5 por 100 (ata o 5 por 100).

O 15 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 5 por 100 (ata o 0,7 por 100)

0,1 unidades para os contidos declarados inferiores ó 0,7 por 100.

5.1.6 Fósforo total e calcio:

1,2 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 16 por 100.

O 7,5 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 16 por 100 (ata o 12 por 100).

0,9 unidades para os contidos declarados inferiores ó 12 por 100 (ata o 6 por 100).

O 15 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 6 por 100 (ata o 1 por 100).

0,15 unidades para os contidos declarados inferiores ó 1 por 100.

5.1.7 Metionina, lisina e treonina:

O 15 por 100 do contido declarado.

5.1.8 Cistina e triptófano.

O 20 por 100 do contido declarado.

5.2 Se o contido comprobado fose superior ó contido declarado:

5.2.1 Humidade:

Unha unidade para os contidos declarados iguais ou superiores ó 10 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100 (ata o 5 por 100).

0,5 unidades para os contidos declarados inferiores ó 5 por 100.

5.2.2 Cinzas brutas:

Unha unidade para os contidos declarados iguais ou superiores ó 10 por 100.

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100 (ata o 5 por 100).

0,5 unidades para os contidos declarados inferiores ó 5 por 100.

5.2.3 Celulosa bruta:

1,8 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 12 por 100.

O 15 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 12 por 100 (ata o 6 por 100).

0,9 unidades para os contidos declarados inferiores ó 6 por 100.

5.2.4 Cinzas insolubles en ácido clorhídrico:

Unha unidade para os contidos declarados iguais ou superiores ó 10 por 100:

O 10 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 10 por 100 (ata o 4 por 100).

0,4 unidades para os contidos declarados inferiores ó 4 por 100.

5.3 Se a diferenca comprobada se opuxese á diferenca correspondente contemplada nos números 5.1 e 5.2.

5.3.1 Proteína bruta, materias graxas brutas, azucres totais, amidón:

Tolerancia dobre da admitida para as devanditas substancias no número 5.1.

Fósforo total, calcio, potasio, magnesio, sodio, cinzas brutas, celulosa bruta: tolerancia triple da admitida para as devanditas substancias nos números 5.1 e 5.2.

6. Se, como consecuencia dos controis oficiais, se comprobase unha diferenca entre o resultado do control e o contido declarado, as tolerancias aplicadas no que respecta ós alimentos compostos destinados ós animais de compañía serán, agás o disposto no artigo 12.1, polo menos as seguintes:

6.1 Se o contido comprobado fose inferior ó contido declarado:

6.1.1 Proteína bruta:

3,2 unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 20 por 100.

O 16 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 20 por 100 (ata o 12,5 por 100).

Dúas unidades para os contidos declarados inferiores ó 12,5 por 100.

6.1.2 Materias graxas brutas:

2,5 unidades do contido declarado.

6.2 Se o contido comprobado fose superior ó contido declarado:

6.2.1 Humidade:

Tres unidades para os contidos declarados iguais ou superiores ó 40 por 100.

O 7,5 por 100 do contido declarado para os contidos declarados inferiores ó 40 por 100 (ata o 20 por 100).

1,5 unidades para os contidos declarados inferiores ó 20 por 100.

6.2.2 Cinzas brutas:

1,5 unidades do contido declarado.

6.2.3 Celulosa bruta:

Unha unidade do contido declarado.

6.3 Se a diferenca comprobada se opuxese á diferenca correspondente contemplada nos números 6.1 e 6.2.

6.3.1 Proteína bruta:

Tolerancia dobre da admitida para a devandita substancia no número 6.1.1.

Alimentos para animais (1)	Constituíntes analíticos e contidos (2)	Especie animal ou tipo de animais	
		Declaracións obrigatorias de acordo co artigo 16, número 1, letra f) (3)	Declaracións facultativas de acordo co artigo 17, número 1, letra j) (4)
	Calcio. Fósforo. Sodio Magnesio. Potasio	Tódolos animais. Ruminantes. 	Animais distintos dos ruminantes. Tódolos animais.
Pensos complementarios: Melazados.	Proteína bruta. Celulosa bruta. Azucres totais (sacarosa). Cinzas brutas. Materias grasas brutas. Calcio. Fósforo. Sodio. Potasio. Magnesio $\geq 0'5$ % $< 0'5$ %	Tódolos animais. } } } } Ruminantes. 	Tódolos animais. Animais distintos dos ruminantes. Tódolos animais.
Outros pensos complementarios.	Proteína bruta. Materias graxas brutas. Celulosa bruta. Cinzas brutas. Calcio $\geq 5\%$ $< 5\%$ Fósforo $\geq 2\%$ $< 2\%$ Magnesio $\geq 0,5\%$ $< 0,5\%$ Sodio. Potasio. Valor enerxético. Lisina. Metionina. Cistina. Treonina. Tryptófano. Amidón. Azucres totais (sacarosa). Azucres totais + amidón.	Animais, con excepción dos animais de compañía distintos dos cans e gatos. Animais distintos dos de compañía. Animais distintos dos de compañía. Ruminantes. Porcos. Aves. } } } }	Animais de compañía distintos dos cans e gatos. Animais de compañía. Tódolos animais. Animais de compañía. Tódolos animais. Animais distintos dos ruminantes. Tódolos animais. Aves (declaración de acordo co método CEE). Porcos e ruminantes (declaración de acordo co método oficial nacional). Animais distintos dos porcos. Animais distintos das aves. Tódolos animais.

ANEXO VI

Parte A

Categorías de «materias primas para a alimentación animal» que poden substituí-la indicación individual das «materias primas para a alimentación animal» na etiquetaxe dos pensos compostos destinados a animais distintos dos de compañía

Categoría	Definición
1. Grans de cereais.	Grans completos de todo tipo de cereais (incluído o alforfón) baixo calquera forma de presentación física, dos que non se eliminase ningunha parte, a excepción da casca.
2. Productos e subproductos de grans de cereais.	Productos e subproductos do fraccionamento dos grans de cereais, a excepción dos aceites incluídos na categoría 14. Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca.
3. Sementes oleaxinosas.	Sementes ou froitos de oleaxinosas baixo calquera forma de presentación dos que non se eliminase ningunha parte, a excepción da casca.
4. Productos e subproductos de sementes oleaxinosas.	Productos e subproductos do fraccionamento de sementes e froitos oleaxinosos, a excepción dos aceites e graxas incluídos na categoría 14(2). Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca, agás que conteñan máis dun 5 por 100 de materias graxas brutas con relación á materia seca, ou máis dun 15 por 100 de proteína bruta con relación á materia seca.
5. Productos e subproductos de sementes de leguminosas.	Sementes de leguminosas enteiras, os seus produtos e subproductos, a excepción das sementes oleaxinosas de leguminosas incluídas nas categorías 3 e 4. Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca.
6. Productos e subproductos de tubérculos e raíces.	Productos e subproductos derivados dos tubérculos e das raíces, a excepción da remolacha azucreira incluída na categoría 7. Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca.
7. Productos e subproductos da fabricación do azucre.	Productos e subproductos da remolacha azucreira e da cana de azucre. Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca.
8. Productos e subproductos da transformación de froitos.	Productos e subproductos da transformación da froita. Estes produtos e subproductos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca, agás que conteñan máis dun 5 por 100 de materias graxas brutas en relación á materia seca, ou máis dun 15 por 100 de proteína bruta con relación á materia seca.
9. Forraxes.	Parte aérea das plantas forraxeiras, colleitadas en verde e secadas artificial ou naturalmente. Estes produtos non deben conter máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca, agás que conteñan máis dun 15 por 100 de proteínas brutas con relación á materia seca.
10. Productos fibrosos.	«Materias primas para a alimentación animal» que conteñan máis dun 25 por 100 de fibra bruta con relación á materia seca, tales como a palla, os tegumentos e as granzas, a excepción dos produtos incluídos nas categorías 4, 8 e 9.
11. Productos lácteos.	Tódolos produtos derivados da transformación do leite, agás as graxas lácteas separadas incluídas na categoría 14.
12. Minerais.	Substancias orgánicas ou inorgánicas que conteñan máis dun 50 por 100 de cinzas con relación á materia seca, a excepción das substancias que conteñan máis dun 5 por 100 de cinzas solubles en ácido clorhídrico con relación á materia seca.
13. Aceites e graxas.	Aceites e graxas de orixe animal e vexetal e os seus derivados.
14. Productos de panadería e da fabricación de pastas alimenticias.	Residuos e excedentes de panadería e de fabricación de pastas alimenticias.

Parte B

Categorías de «materias primas para a alimentación animal» que poden substituí-la indicación individual das «materias primas para a alimentación animal» na etiquetaxe dos alimentos compostos destinados a animais de compañía

Denominación de categoría	Definición
1. Carnes e subproductos animais.	Tódalas partes carnosas de animais terrestres de sangue quente sacrificados, en estado fresco ou conservadas mediante un tratamento adecuado. Tódolos productos e subproductos procedentes da transformación do corpo ou de partes do corpo de animais terrestres de sangue quente.
2. Leite e productos lácteos.	Tódolos productos lácteos, frescos ou conservados mediante un tratamento adecuado, así como os subproductos da súa transformación.
3. Ovos e ovoproductos.	Tódolos ovoproductos, frescos ou conservados mediante un tratamento adecuado, así como os subproductos da súa transformación.
4. Aceites e graxas.	Tódolos aceites e graxas animais ou vexetais.
5. Levaduras.	Tódalas levaduras das que se matasen e secasen as células.
6. Peixes e subproductos de peixe.	Os peixes ou partes de peixes, frescos ou conservados mediante un tratamento adecuado, así como os subproductos da súa transformación.
7. Cereais.	Tódalas especies de cereais, sexa cal for a súa presentación, ou os productos obtidos pola transformación da semente fariñosa dos cereais.
8. Legumes.	Tódalas especies de legumes e leguminosas, frescas ou conservadas mediante un tratamento adecuado.
9. Subproductos de orixe vexetal.	Subproductos procedentes do tratamento de productos vexetais, en particular de cereais, legumes, leguminosas e sementes oleaxinosas.
10. Extractos de proteínas vexetais.	Tódolos productos de orixe vexetal, as proteínas dos cales se concentrasen mediante un tratamento adecuado, que conteñan polo menos un 50 por 100 de proteínas brutas con relación á materia seca e que poden ter sido reestructuradas.
11. Substancias minerais.	Tódalas substancias inorgánicas aptas para a alimentación animal.
12. Azucres.	Tódolos tipos de azucre.
13. Froitas.	Tódalas variedades de froitas, frescas ou conservadas mediante un tratamento adecuado.
14. Froitos secos.	Tódalas sementes dos froitos de casca.
15. Sementes.	Tódalas sementes enteiras ou moídas groseiramente.
16. Algas.	Tódalas especies de algas, frescas ou conservadas mediante un tratamento adecuado.
17. Moluscos e crustáceos.	Tódolos moluscos, crustáceos e mariscos, frescos ou conservados mediante un tratamento adecuado, así como os subproductos da súa transformación.
18. Insectos.	Tódalas especies de insectos en tódalas fases do seu desenvolvemento.
19. Productos de panadería.	Tódolos productos de panadería: pan, pasteis e galletas.

ANEXO VII

Lista de materias primas para a alimentación animal que se prohiben utilizar nos pensos compostos

1. Feces, urina e outros contidos gastrointestinais procedentes do baleirado ou da eliminación do aparello dixestivo, independentemente da forma de tratamento ou mestura aplicada.

2. Peles tratadas con substancias curtidoras, incluídos os seus residuos.

3. Sementes, chantóns e outros materiais de multiplicación de plantas que fosen tratados con productos fitosanitarios trala recolección debido ó seu destino; os seus derivados.

4. Madeira, serraduras e outros materiais derivados de madeiras tratadas con productos protectores.

5. Tódolos residuos obtidos nas distintas fases do proceso de tratamento de augas residuais urbanas, domésticas e industriais (*), independentemente de calquera proceso posterior ó que se sometan os devanditos residuos e independentemente tamén da orixe das augas residuais.

O termo «augas residuais» non fai referencia ás «augas de proceso», é dicir, a auga procedente de conductos independentes integrados en industrias alimentarias ou de fabricación de pensos; cando estes conductos se abastezan de auga, esta deberá ser salubre e limpa (**).

(*) Tal como se definen no artigo 2 da Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio, sobre o tratamento das augas residuais («Augas residuais urbanas»: as augas residuais domésticas ou a mestura delas con augas residuais industriais ou augas de escorrentía pluvial. «Augas residuais domésticas»: as augas residuais procedentes de zonas de vivenda e de servicios e xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas. «Augas residuais industriais»: tódalas augas residuais vertidas desde locais utilizados para efectuar calquera actividade comercial ou industrial, que non sexan augas residuais domésticas nin augas de escorrentía pluvial.).

(**) Tal como se define no artigo 4 da Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro, relativa á calidade das augas destinadas ó consumo humano («As augas destinadas ó consumo humano son salubres e limpas cando : a) non conteñen ningún tipo de microorganismo, parasito ou substancia, nunha cantidade ou concentración que poida supoñer un perigo para a saúde humana, e b) cumpren os requisitos mínimos especificados nas partes A e B do anexo I»).

No caso das industrias pesqueiras, os conductos poderán tamén abastecerse de auga de mar limpa (**). As augas de proceso só poden conter materias procedentes de pensos ou produtos alimenticios e deben estar tecnicamente libres de axentes limpadores, desinfectantes ou outras substancias non autorizadas pola lexislación sobre alimentación animal.

As materias de orixe animal presentes nas augas de proceso trataranse de acordo co disposto na Directiva 90/667/CEE do Consello.

6. Residuos urbanos sólidos, tales como o lixo doméstico.

7. Residuos non tratados de comedores colectivos, con excepción dos residuos de alimentos de orixe vexetal, inapropiados para o consumo humano por non considerarse frescos.

8. Embalaxes e partes de embalaxe procedentes da utilización de produtos da industria agroalimentaria.

9. As proteínas animais elaboradas, tal como se definen no artigo 1 da Decisión 2000/766/CE do Consello, que se utilicen na alimentación dos animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos, coas seguintes excepcións:

a) Para ruminantes e non ruminantes:

Leite e produtos lácteos,

Xelatina, de non ruminantes para o recubrimento dos aditivos no sentido da Directiva 70/524 do Consello, do 23 de novembro, sobre os aditivos na alimentación animal.

b) Para non ruminantes:

Fariña de peixe,

Fosfato dicálcico procedente de ósos desgraxados, Proteínas hidrolizadas, que se tiveron que obter de acordo coas condicións descritas nas Decisións 2001/9/CE e 2001/165/CE da Comisión.

(**) Tal como se define no artigo 2 da Directiva 91/493/CEE do Consello, do 22 de xullo, pola que se fixan as normas sanitarias aplicables á produción e á posta no mercado dos produtos pesqueiros («Auga de mar limpa»: a auga de mar ou salobre que non presente contaminación microbiolóxica, substancias nocivas ou plancto mariño tóxico en cantidades que poidan altera-la calidade sanitaria dos produtos pesqueiros, que deberá utilizarse nas condicións establecidas nesta Directiva).

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

1697 REAL DECRETO 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. («BOE» 25, do 29-1-2002.)

A Directiva 1999/31/CE, do Consello, do 26 de abril, relativa á vertedura de residuos, establece un réxime concreto para a eliminación dos residuos mediante o seu depósito en vertedoiros. Configuran as liñas básicas da súa regulación a clasificación dos vertedoiros en tres categorías, a definición dos tipos de residuos aceptables en cada unha destas categorías, o establecemento dunha serie de requisitos técnicos esixibles ás instalacións, a obriga de xestionar-los vertedoiros despois da súa clausura e unha nova estrutura e imputación dos custos das actividades de vertedura de residuos.

España é un dos países europeos nos que, en gran porcentaxe, se utiliza o vertedoiro para a eliminación

dos residuos. A existencia de vertedoiros incontrolados e as obrigas impostas pola normativa comunitaria xustifican a adopción deste real decreto, que incorpora ó dereito interno a Directiva 1999/31/CE.

No marco da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e demais normativa aplicable, particularmente a lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación, este real decreto establece o réxime xurídico aplicable ás actividades de eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiros. Así mesmo, delimita os criterios técnicos mínimos para o seu deseño, construción, explotación, clausura e mantemento. Tamén aborda a adaptación dos vertedoiros actuais ás esixencias do real decreto e os impactos ambientais que se considerarán na nova situación.

Entre as disposicións de carácter xeral inclúense as definicións recollidas na directiva que se traspón, obviando aquelas o concepto das cales reproduce a Lei 10/1998, por considerar que a súa reiteración non é necesaria para a aplicación da norma concreta. Non obstante, neste real decreto régúlase o almacenamento de residuos, establecendo un prazo inferior ó previsto con carácter xeral na Lei de residuos, para os supostos en que se trate de residuos distintos ós perigosos e esta actividade se realice con carácter previo á eliminación, en concordancia coa directiva e facendo uso da habilitación expresa establecida para isto no artigo 3.n) da mencionada lei. Do mesmo modo, no artigo 19.4 da Lei 10/1998 habílitase o Goberno para establecer en vía regulamentaria as normas reguladoras das instalacións de eliminación de residuos.

De acordo coa Directiva 1999/31/CE, os vertedoiros deberán incluírse nalgunha das seguintes categorías: vertedoiros de residuos perigosos, vertedoiros de residuos non perigosos e vertedoiros de residuos inertes. Dado o carácter de normativa básica deste real decreto, tal clasificación deberá adoptarse en todo o territorio nacional, con independencia das subclasificacións que poidan establecer-las comunidades autónomas. Así mesmo, identifícanse os tipos de residuos aceptables nas diferentes categorías de vertedoiros, prohibíndose expresamente a admisión de determinados residuos.

A creación, ampliación e modificación de vertedoiros estará sometida ó réxime de autorizacións das actividades de eliminación de residuos previsto na Lei 10/1998 e, de se-lo caso, ó establecido na lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación. En todo caso, deberán observarse as obrigas esixidas pola normativa sobre impacto ambiental.

Así mesmo, acóutanse os requisitos mínimos das solitudes de autorización, as comprobacións previas que realizarán as autoridades competentes e o contido daquela. A autorización para vertedoiros de residuos perigosos contera a obriga do seu titular de subscribir un seguro de responsabilidade civil e o depósito dunha fianza, segundo o previsto no artigo 22.2 da Lei de residuos. A autorización para vertedoiros de residuos distintos ós perigosos estará condicionada ó que determine a lexislación estatal sobre residuos en materia de constitución de seguro de responsabilidade civil e prestación de fianzas ou outras garantías equivalentes.

O seguro de responsabilidade civil cubrirá o risco polos posibles danos causados ás persoas e ó ambiente, en tanto que mediante a prestación da fianza o titular responderá do cumprimento de tódalas obrigas que fronte á Administración deriven do exercicio da actividade.

Por outra parte, de conformidade co establecido na directiva que se incorpora, a cantidade que se percibirá pola eliminación de residuos en vertedoiro debe sufragar necesariamente tódolos custos de tal actividade, incluídos os custos de proxecto, construción, explotación, clausura e mantemento do vertedoiro. Preténdese así